Public. Diaria 30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

ANO XV • 29 DE ABRIL • 1993

Nº 567 • 150 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA SANTIAGO

O *Xacobeo 93* non conta con nengunha aportación do Estado

A Xunta perde 20 mil millóns no xubileo

Isto non son as Olimpiadas, nen a Expo. O Estado non aportou nen un peso ao *Xacobeo 93* e participa unicamente no *Consórcio de Compostela*. Os gastos previstos para este Ano Santo ascenden a 20.000 millóns de pesetas.

O governo en pleno acude á catedral para gañar o xubileo.

ANXO IGLESIAS



'As sardiñas non baixarian de prezo se os governos quixeran'

Castelao escrebeu: 'As sardiñas voltarían se os governos quixeran'. Agora fixaron un tope de capturas, logo baixárono á metade. Despois decidiron tirar coa pesca. Agora o paro é indefinido. A crise da frota do cerco ten unha paradóxica imaxe: "estabamos tirando coas sardiñas na bocana do porto e as gaivotas todas pousadas no peirao, até elas están cheas das sardiña", comentábanos un mariñeiro de Muxia.

(pax. 5)

Reunión en Copenhague da esquerda europea que pide o *non* a Maastricht

A repetición do referendo sobre Maastricht está a poñer de manifesto a fonda división entre os partidos representados no parlamento, que piden maioritariamente o *si* ao Tratado, e os cidadáns que reclaman o *non*. Xosé M. Beiras e Encarna Otero estiveron presentes nas *Xornadas Internacionais*, celebradas os pasados 23 e 24 de Abril, convocadas pola Coalición de esquerda alternativa danesa que solicita o *non* a Maastricht.

(pax. 9)

Pérez-Prado: 'Fraga representa a nostálxia de Franco no Centro Galego'

Cantos ricos habia entre os galegos de Bós Aires? "Média dúcia" di António Pérez-Prado, médico do Centro Galego durante toda a sua vida. Se en médio millón de emigrantes non houbo máis fortunas foi por seren un continente de honradez e decéncia. "Os almaceneiros, todos galegos, foi a única institución social que funcionou na Arxentina. O galego nunca cortaba o crédito e a libreta estaba na man do cliente", conta Pérez-Prado.

(pax. 14 e 15)

A administración central apenas participa económicamente nos actos

Os gastos do *Ano Santo* ascenden a 20 mil millóns de pesetas

MANUEL VEIGA-G. LUCA DE TENA

A programación do *Xacobeo* con 8.500 millóns de pesetas e a do *Compostela 93* con perto de 10.000 millóns, aportados polas distintas administracións, fundamentalmente a Xunta, compoñen un notabel cadro de gastos que apenas deixarán pegada para o ano que ven.

Pagar un baile, abrir unha pista, instalar teléfono público inalámbrico, inaugurar unha piscina coberta, publicar un poemário, editar un suplemento especial de auto-turismo. Unha subvención para calquer destas pezas de programa tardaria anos. Co *Xacobeo 93* pasan por ventanilla de urxéncia. En ano eleitoral non hai política autonómica: hai reparto.

A mesa está servida por un précio de case vinte mil millóns de pesetas, que paga na sua meirande parte o orzamento da Autonomia. Meses antes do 93, a mensaxe da Xunta procura convencer a todo o eleitorado de que poderá participar da festa. Segundo explica a *Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo 93* "trátase dun plan de promoción do Camiño e de promoción económica de importantes áreas de Galiza".

Para as obras do Camiño foron 1.300 millóns. Dacordo co *Consello de Cultura* foi unha sorte que os cartos só permitisen estragar unha pequena parte do camiño francés: valados recheados, pontellas sustituidas por tubos de uralita e árbores sementadas na beira de poente da pista de zahorra. Non se levou a termo un millonário proxecto para informatizar con tarxetas de banda magnética a progresión dos camiñantes polos *Pontos de Atención ao Peregrino (PAP)*.

O Monte do Gozo (*mons gaudi*, o *monxoi* do medievo, o fito máis Universal do Camiño) se non puido librar da devastación imposta por 4.000 millóns: un lago artificial, un *pavillón de audiovisuais e imaxes*, aparcadoiros e monte urbanizado.

A inauguración do complexo do Monte do Gozo, o 15 de Abril, no rematou a carreira de obras. Durante esta semana, en turnos de dia e noite, unha constructora procuraba febrilmente dar termo a un restaurante á beira do auditório do Monte do Gozo. A pesares do ritmo frenético, os traballos levábanse baixo todas as apariéncias de sixilo. A razón é que un terreo expropriado para uso público quedaba baixo domínio da cadea *Hotusa* se cumprir todas as esixéncias que marca a lei. *Hotusa* ten a concesión dos espácios de acampada e barracóns do Monte do Gozo. Na inspección de obras do Concello anunciaron o propósito de deter as obras. Pero

(Pasa á páxina seguinte)

A empresa *HOTUSA*, que conta coa concesión dos terreos de acampado e barracóns do Monte do Gozo, construiu durante esta semana un restaurante sen licéncia á beira do Auditório. Na totografía un grupo de relixiosas visitan os terreos do monte expropriado aos viciños para uso público. ANXO IGLESIAS

Só un Pavillón Multiusos e un Pazo de Congresos custan a metade

O *consórcio* de Compostela dispón de máis de 10.000 millóns de p

Ainda que para o cidadán normal todo apareza asociado ao ano xacobeo, o certo é que moitos dos actos programados obedecen a unha estrutura diferente. *Compostela 93* é o nome de imaxe dun abano de actuacións culturais e urbanísticas que promove o *Consórcio da cidade de Santiago*, organismo en cuxo orzamento contribuen cun 65% a administración central, a autonómica nun 27% e por último o concello compostelán co 8% restante, segundo fontes do próprio *Consórcio*. Unha programación ateigada de actuacións ás que nunca acceso tivera a cidade, desde Bruce Springsteen, cuxas entradas se venden a 3.300 pesetas até festivais de música de cámara, noites de flamenco, pasando por actividades deportivas que incluen unha exibición de esqui sobre neve e unha semana didáctica para o deporte de escalada impartida pola equipa nacional.

Somente a programación cultural que está a ter lugar no Auditório conta cun orzamento de 2.700 millóns de pesetas. O *Compostela 93* inclue outras actividades científicas e culturais que fan ascender o monto total deste capítulo aos 4.300 millóns. "Alguns actos están moi ben, comenta Beatriz Arxibai, unha moza de 24 anos, o que pasa é que resulta imposibel asistir a maioria, é un problema de tempo e de cartos. E o pior é que para o ano que ven isto voltará a ser un deserto".

Para Encarna Otero, concelleira do BNG en Santiago, o problema esencial radica en que "mália as orquestras que pasarán por aquí, non se abrirá nengunha escola de música, de danza ou de teatro. Trátase dunha gran montaxe consumista e multimillonária que non deixará pegada para o futu-

A casiña de chocolate

A caron da Igrexa de San Fructuoso, no lugar que antes ocupaba un aparcadoiro, está agora instalada unha estrutura desmontabel de madeira destinada á promoción do *Compostela 93*. Sobre os laterais, unha secuéncia de carteis anúncia as obras cuxa realización está prevista. Hai de todo, desde a reforma do aeroporto, até o novo hospital, a maioria nada teñen que ver co ano Xacobeo. O interior da nave está ocupado por un recebidor no que duas azafatas poñen folletos de Santiago a disposición do visitante e polo espácio restante no que se exiben tres maquetas e un vídeo.

O vídeo do *Compostela 93* está adicada maioritariamente ás obras viárias: accesos, ensanche de ruas etc. onde o automobil é o protagonista principal. O casco vello –recoñecido *património da humanidade* pola Unesco– recebe tamén o favor das imaxes. O *Consórcio* está a gastar 250 millóns na pintura de fachadas e 474 no novo enlousado. Esta realidade contrasta cun dato: O Plan Especial de Proteción do Casco Vello está parado no concello.

A construción da *casiña de chocolate*, como a denominan alguns veciños pola sua cór, custou 100 millóns de pesetas.♦

Toda unha estética

O Monte do Gozo non se pudo librar da devastación imposta por 4.000 millóns: un lago artificial, un *pavillóns de audiovisuais e imaxes,* aparcadoiros e urbanización.

(Ven de páx. anterior)
máis da metade das reservas da Sociedade Anónima son para o capítulo de *publicidade e promoción*, con 4.445 millóns. Aparte dos trescentos millóns entregados a Júlio Iglesias por asistir a unha roda de Prensa en Compostela na que se presentaba coma *Embaixador Mundial do Xacobeo*, a porción central deste rubro resérvouse para publicidade e a carteira principal de anúncios para os meios de comunicación galegos. Esta política de promocionar o Ano Santo dentro das fronteiras galegas contrasta co que propón o Conselleiro de Relacións Institucionais: "exibir o que hai no interior, facer que se coñeza e invitar aos de fora a que entren".

Ecos de sociedade

A un précio que vai de 300 mil a 500 mil pesetas, as páxinas coa imaxe do *Pelegrín* sucédense un dia si e outro tamén nos diários galegos. Dous deles publican un suplemento de catro páxinas no

(Pasa á páxina seguinte)

Un enredo para consumo interior

Alguns países teñen como referéncia un arpa, un galo ou unha botella de bebida refrescante. Nós temos como símbolo unha galáxia: a via láctea ou *Camiño de Santiago*. Antes de que nos tocara emigrar a Europa e facer o *Camiño* ao revés, –o *anti-camiño*, como lle chamaba Luis Seoane– Galiza era un dos centros de Europa e Santiago de Compostela unha das cidades emblemáticas. A lenda do apostolo que chegou desde Palestina nunha barca de pedra conseguiu atraguer a milleiros de viaxeiros de toda Europa, durante dúcias de anos, que se guiaban polas estrelas ás que deron o nome do camiño. A ruta tradicional é hoxe un símbolo, através das suas pedras, das suas lousas e congostras esquecidas, da arte representada nas suas beiras –antes de que chegasen as paleadoras de Portomeñe–, de que a cultura e a civilización ia *in crecendo* a medida que o visitante extranxeiro se acercaba a Santiago. Non sempre fumos periféria.

O recoñecimento do Camiño de Santiago non é polo tanto desafortunado. Máis ben parece unha casualidade que a un governo que demostra ser un ermo no terreo das ideas se lle teña ocurrido tal proposta. A proba está en que o que agora se presenta como realización sobranceira da lexislatura non merecia máis que unhas breves liñas no programa eleitoral do PP e unha pasaxeira referéncia no discurso de investidura de Manuel Fraga. A formulación non tiña nen o carácter, nen as dimensións do que agora se realiza. Parece que unha vez que o Presidente da Xunta lle viu as orellas á crise e ante a sua incapacidade innata para facerse autonomista –máis aló dos inventos nominais– esixindo o que era de xustiza ante Madrid, optou polo instrumento turístico-xubilar, operación propagandística que ten as seguintes características:

–Mentres outros eventos precisan de ser inventados, co risco que existe de trabucarse, o Camiño de Santiago contaba xa co aval da tradición. Para facer de Santiago, por exemplo, unha cidade suxestiva ao visitante, abonda con deixalo como está. A publicidade, xa que logo, viña feita.

–O Xacobeo non está pensado para o exterior, málla o que digan as proclamas oficiais. É unha operación de propaganda interior, como demostra o feito de que o esforzo publicitário se realice maiormente dentro da própria Galiza. O *Xacobeo* pouco ten a ver coa Expo ou coas Olimpiadas, senón que é o recurso usado por Fraga para encher páxinas de xornais e minutos de telediário sen ter que referirse ás malas notícias da crise. Trátase dun programa *en positivo* (como gostan de dicer os políticos) que tapa a inexisténcia doutros programas: programa de industrialización, programa para o agro, programa para a pesca, etc. Mentres o tecido social galego sofre as ponzadas da CE e a xubilación anticipada, Fraga preparou un espectáculo denominado *Camiño de Santiago*.

–O acontecimento responde ademais á resesa estética conservadora de oropel e boato, de palco de autoridades, tan lonxe da mestizaxe que caracterizou sempre ao Camiño e que lle outorgou arraigo; tan diferente, por exemplo, dun modelo semellante como é o *Festival de Edimburgo*, aberto á participación popular e con espectáculos gratuitos que atraen a un millón de visitantes todos os anos en Agosto. A fórmula escollida neste caso é idéntica á dos *Festivales de España* que promovia o Ministério de Información e Turismo nos anos 60.

–A mellor proba de que se trata dun problema interior oferécea o escaso compromiso económico adquirido pola administración central a respeito do Xacobeo. A sua aportación á *Sociedade Anónima de Xestión Xacobeo 93* é nula, se ben é certo que participa, xunto co concello é a Xunta, no *Consórcio* que organiza o *Compostela 93*. Que diferéncia coas Olimpiadas ou a Expo, alí o Estado deixou dúcias de miles de millóns investidos, moitos deles en infraestruturas que agora rentabilizan as comunidades respeitivas.

E o pior de todo é que o enredo sae caro. Case vinte mil millóns presupostados que posibelmente se incrementarán a fins de ano. Máis valia que para gañar as eleicións seguisen recurrindo ás paleadoras da Deputación e a colocar pontos de luz. Mellor que os multimillonários auditórios que só se encherán para a inauguración –Santiago contará este ano nada menos que con tres instalacións deste tipo– e un Monte do Gozo convertido en enxebre *Euro-Disney,* mentres o Plan de Proteción da Cidade Vella durme o sono dos xustos nalgunha gaveta do Pazo de Raxoi.♦

A NOSA TERRA

pesetas para gastos

ro". Encarna Otero é crítica ademais coa "preséncia residual da produción cultural galega e a marxinación que sofre mesmo nos espácios que se lle reservan. Os grandes van para o Auditório".

Obras magnas

O maior capítulo dos orzamentos irá destinado, contodo, para duas magnas obras: O Pazo de Congresos de San Lazaro onde está previsto o investimento de 2.600 millóns e o Pavillón Multiusos do Sar que custará 2.700. "É inexplicabel este derroche, aponta Encarna Otero, tendo en conta que Santiago ten outro auditório inaugurado non hai tanto e a cidade só conta con 100 mil habitantes. Ao carón disto o Conservatório, por exemplo, carece de aportación municipal e mantense grácias á axuda da Sociedade Económica de Amigos do País (organismo nacido no século XVIII para fomentar a cultura)".

Neste intre veñen de rematar as expropriacións para a construción destas duas magnas obras. O programa cultural de clausura preve a realización dun superconcerto no Pavillón Multiusos do Sar, quer isto dicer que os traballos deberán ser realizados nun tempo record.

Compostela 93 preve tamén o remozamento do casco vello, a mellora de vias no casco urbano e mesmo as reformas do aeroporto. "O que se fixo na maioria dos casos, comenta a concelleira do BNG, foi agrupar obras previstas con antelación e presentalas por xunto baixo o lema de *Compostela 93*. A ronda Cornes-Choupana, poñamos por caso, é un acceso previsto desde 1989; o Museu de Arte Contemporáneo é unha decisión do governo tripartito que antecedeu a Fraga na Xunta; a recuperación do Parque de Bonaval ven de primeiros dos oitenta".

Outras obras contempladas polo *Consórcio* son, por exemplo, a limpeza do rio Sarela, cuxo orzamento acada os 2.300 millóns ou os arranxos no Monte Pedroso, ainda sen iniciar.♦

Do capítulo de *publicidade e promoción,* con 4.445 millóns, a porción central reservóuse para publicidade nos meios de comunicación galegos.

A urbanización do Monte do Gozo custou máis de 4.000 millóns. A. IGLESIAS

que destacan os ecos de sociedade da peregrinación. Ainda que moitas destas chegadas de peregrinos son evidentemente irrelevantes, merecen frecuentemente tratamento na primeira páxina. "O labor fundamental do Governo tivo como fundamento un princípio clave que foi a eliminación do tradicional aillamento galego a respeito do entorno" (Vazquez Portomeñe).

A declaración de obxectivos da *S.A. de Xestión do Plan Xacobeo 93* precisa ainda máis que "as accións de promoción e publicidade estarán particularmente dirixidas a atraer visitantes doutras comunidades e paises e consistirán na construcción e exibición de maquetas, actuacións e aeroportos, distribución de carteis, orgaización de concursos e viaxes publicitárias, *esponsorizacións* (sic) e *promocións en Bruxelas, Paris, Nova Iorque*... Numerosas comprobacións directas sobre o Camiño Francés, na altura da semana de Páscua, evidéncian que a campaña de propaganda limítase polo de agora ao interior da Galiza. Os carteis coa mensaxe *Galiza máis cerca* non están en León, Burgos ou Nafarroa, senon nas entradas de Vigo e A Coruña. Na Aquitánia e no Poitou son visibeis só as pintadas *En bas le PAC* (abaixoa Política Agrária Comunitária). A *Sociedade Anónima* instituese por unha subvención de capital directa da Xunta, por valor de 3.635 millóns. O resto aparece expresado na contabilidade en conceito de auto-finanzamento, por un préstamo de 1.282 millóns. Deste extraordinário esforzo financeiro resultan 20 postos de traballo directos que xeran un soldos de 147 millóns, o que supón un salário superior ao meio millón de pesetas ao mes.

XACOBEO 93	
ORZAMENTO (en millóns de pta.)	
1992	3.551
1993	5.072
Desglose	
Promoción e publicidade	
1992	2.780
1993	1.665
Monte do gozo (global)	4.000
Camiño Francés	1.300
COMPOSTELA 93	
Pazo de Congresos e Pavillón Multiusos	5.300
Programa Cultural	4.300

Turismo de calidade

Co programa de acción cultural, a *Sociedade Anónima* procura "promover unha oferta cultural de calidade capaz de atraer ás sete cidades galegas e a algunhas vilas importantes, un turismo cultural que reforce ou complemente as previsións do *Plan Xacobeo*". Dentro deste programa, o rubro de *accións no Camiño* ten como obxectivos "a recuperación e promoción da cultura popular; a sensibilización da poboación local en relación co tema xacobeo e coa promoción do camiño; a criación de grupos e eaquipas locais de acción cultural: rondallas, coros, grupos folclóricos, de teatro popular e grupos deportivos; a orgaización recuperación e promoción de festexos (sic), celebracións e conmemoracións de carácter popular, histórico, folclórico e gastronómico..."

Comprobracións directas sobre o Camiño Francés evidéncian que a campaña de propaganda limítase polo de agora ao interior da Galiza.

Que todas estas precisións do programa soen a improvisadas non é casualidade. No discurso de investidura de Fraga á Xunta só hai unha breve mención do Camiño :"Para a coordenación de todas estas actividades relacionadas co Ano Santo, criaremos a figura do comisário galego do Camiño, e desde aqui dirixímoslle ao arcebispo o noso ofrecemento para poñer en pé no contorno da catedral, en réxime de padroado conxunto, un *Museo Internacional Xacobeo*, que poida recoller no ano santo do 93, unha grande exposición xacobea".

No programa electoral do PP (*Obxectivos de Governo 1990-1993*) e dentro do apartado de *Turismo* critícase a *excesiva retórica e abundáncia de declaracións de intención* en relación co Camiño. Como opción axeitada proponse a participación do seitor privado de hosteleria, o lanzamento dun combinado *viaxe turístico-peregrinación* e a criación xa citada do museu das peregrinacións. ♦

Máis de mil millóns para anunciarse na *Vuelta*

Galiza gastará perto de 1.100 millóns de pesetas na sua própria promoción através da *Vuelta Ciclista a España*. O *Xacobeo 93* aportará perto de mil millóns. A partida máis grande é a do contrato asinado pola Xunta con *Unipublic*, empresa orgaizadora da *Vuelta a España*: 600 millóns por dous anos, por aparececer como firmas patrocinadoras *Xacobeo 93* e *Galiza Calidade*.

Pero o *Xacobeo 93* además deste patrocínio tamén financia a equipa *Kelme* de ciclismo. A entidade alacantina, dirixida polo galego Alvaro Pino, recibiu 100 millóns de pesetas por levar a marca do *Pelegrin* e o símbolo nas suas camisetas. Tres corredores neoprofisionais, o técnico e un mecánico é a bagaxe da aportación galega, además dos cen millóns.

Pola contra, a marca galega case non se ve, a identificación segue a ser a marca de zapatillas xa que seguen coas mesmas coores verde-brancas. No pantalón tampouco aparece na maioria das veces a marca *Xacobeo*. Polo demáis ao ser a maioria dos corredores colombianos e os galegos non ter case protagonismo, de ter algunha repercusión publicitária, esta seria en Colómbia, por moito que Pino se empeñase en que os seus corredores se fixesen notar nas duas primeiras etapas. O mesmo Pino afirma que non pode loitar polos postos de cabeza con nengún dos seus corredores.

A Xunta firmou tamén outro acordo con Mario Conde, o patrón do *Banco Español de Crédito (Banesto)*. A cámbio de 40 millóns de pesetas, os corredores da equipa de Echeverri usarán o *Pelegrin* nas suas solapas e o Banesto poderá facer publicidade coa marca, además de convénios menores.

A estes gastos do *Xacobeo 93* hai que unirlle outros de promoción como 80 mil quilos de caramelos *pelengrín*, insígnias, binchas, carteis, mecheiros... además de soldos, dietas viaxes e outros gastos de representación das persoas (representantes políticos incluidos) que representan á Xunta na *Vuelta*.

Os Concellos

A Coruña gastou sesenta e un millóns de pesetas. Cuarenta e nove, máis tres de IVE, foi o que lle tivo que pagar o concello coruñés a *Unipublic* por celebrar na cidade herculina a etapa prólogo e ser saida da primeira tirada. Outros once millóns e médio (dez máis IVE) foi o que gastou o consistório en infraestructura, gastos que se viron recompensados pola eficácia das medidas tomadas.

ANXO IGLESIAS

Pola sua banda, o concello de Compostela pagou trinta millóns para que a *Vuelta* rematara nesta cidade. A estes millóns hai que unirlle outros oito millóns en infraestrutura.

Vigo e Ourense pagarán cada unha 10 millóns por ser finais de etapa. E outros 3 millóns, por ser comezo, pagaraos A Gudiña. Ferrol abonará a organización outros 10 millóns e Padrón 4 millóns de pesetas. A estes estipéndios hai que sumarlle outros 20 millóns por ser metas volantes, carreiras especiais, ou por pasar por distintas localidades.

Todo nunha carreira que, como afirma o presidente da Unión Ciclista Internacional, (UCI), Hein Verbruggen, "é pobre en canto a participación e promoción", sen que "teña repercusión fóra da Península pois as televisións extranxeiras non lle fan caso". ♦

CRISE NA PESCA

Os prezos da sardiña son os mesmos que hai 15 anos

Cando o *cesto* vale máis que a *parte*

■ A. EIRÉ

Primeiro fixaron un tope de capturas, logo baixárono á metade. Despois decidiron tirar coa pesca. Agora o paro é indefinido. A crise da frota do cerco ten unha imaxe: "estabamos tirando coas sardiñas na bocana do porto e as gaivotas todas pousadas no peirao, até elas están cheas das sardiña", comentábanos un mariñeiro de Muxia.

Un mariñeiro, co *cesto* ao lombo, agarda en Muxia a hora de facerse ao mar. PUCHEIRO

O Arco da Vella unia a ponta do peirao de Maxia coa Ponta da Plancha. Por debaixo, no solpor de troboada, ian desfilando o *Morales Blanco*, o *Martina Fantana II*, o *Xideu*, *O Santodomingo*, o *II Temible*... Pola rampa baixaban os mariñeiros desde o bar *A Dársena* cos seus cestos de comida, alguns ainda eran de vímbios, outros bolsas de nailon. Unha muller sentada debaixo do voladizo da lona dicíalles:

– "É mellor que larguedes, non ides sacar nen para o cesto".

O dia anterior a medida (10 quilos) vendérase a 60 pesetas. O que largou primeiro chegounas a vender a 1.200, 700, 500, 300,... "daí para abaixo xa non compensa, todo o que sexa a menos de 30 pesetas o quilo é mellor tirala", di un mariñeiro.

– "Quince horas de traballo, de noite, levas un cesto de comida pequeniño que che vale 700 pesetas e logo non sacas nen eses cartos. O outro dia sacamos 200 pesetas cada un en toda a noite. É mellor quedar na casa". Quen asi fala é un xoven mariñeiro, 23 anos e desde os 15 no mar.

No *Bar Don Paco* é onde se reunen os mariñeiros xóvenes antes de marchar ao mar. Ali todos coinciden en afirmar que "na crise os traballadores son sempre os que máis pringan porque van a partes", (a maioria anda 60 por cento para o armador, 40 por cento para os mariñeiros, só hai un barco en Muxia que ande ao 50-50).

Xosé, un destes xóvenes mariñeiros é rotundo cando afirma que "como non miren algo pola pesca aqui vai haber moitos rollos. A xente ten que buscarse a vida. A pesca está moi mal, non se saca nada e de algo hai que viver". Outro afirma que "xa andamos ao ganancial do dia para comer e asi non se pode seguir". Un terceiro considera que que "isto ten que acabarse, primeiro desfixeron os estaleiros, logo fixeron que vendesen as vacas os labregos, despois pecharon os caladoiros de sempre e, agora, traen o peixe de fora".

Coma nos anos sesenta

No *Bar Dársena* é no que se reunen aqueles mariñeiros de máis idade. Ali tamén toman a maioria dos patróns e alguns armadores a última cervexa antes de sairen para o mar.

– "Mira, dinos un armador, o peixe non ten prezo. Se pescas moito baixa o prezo tanto que non che compensa. Se non pescas nada, tampouco sacas nada..." Todos, en coro, arremeten contra as importacións de sardiña. Hai quen afirma que "o governo vende por aí e, como non poden pagar, logo dannos as sardiñas: diso xa temos nos dabondo"! Consideran que acolléndose á salvagarda das 33 pesetas do Mercado Comun "xa non perdiamos todo e podiamos ir tirando, pero o problema é que nen isto conseguimos, o que hai é que parar as importacións".

Un mariñeiro xa de idade afirma que "estamos como nos anos sesenta, daquelas tamén tivemos que comezar a tirar coa sardiña". A maioria considera que os prezos de hoxe son os mesmos que os de hai quince anos, subiu o gasóleo, subiu a vida, subiu todo. Isto é o acabouse". Os mariñeiros están convencidos de que eles poñen todo da sua parte: "estabelecimos o tope de cen medidas, logo baixámolo... ao mínimo para ir vivendo. O que se debia de facer era que chamasen desde a lonxa cando os preios baixaren das 30 pesetas. Deixábamos o peixe no mar e xa estaba. Os intermediários canto máis baixo sexa o prezo máis gañan".

A enseada de Muxia queda sen barcos. Eles non poden atracar no peirao, semella un mundo tomado por gaivotas. Elas son as únicas beneficiárias da crise da sardiña, pero están tan cheas que nen sequer levantan o voo. ♦

O BNG pédelle á Xunta que habilite liñas de crédito

Os armadores deixan 200 roles na Delegación do Governo

O Luns 26 de Abril parou boa parte da frota do cerco da Coruña e Pontevedra. O amarre é indefinidoe para que non haxa dúbida, entregaron uns 200 roles das embarcacións, sen os cales non poden sair ao mar. En Cambados o mesmo dia pecháronse na casa consistorial perto de 350 mariñeiros e armadores. Demandan a paralisación de importación de sardiñas e que o Estado español reclame a salvagarda da comunidade para este produto.

Mentres, as administracións central e autonómica pásanse a patela dunha man a outra. O secretário xeral de Pesca Marítima, Xosé Loira, afirma que a crise actual se debe á "desorganización do sector", afirmando que o Governo central non ten previsto tomar medida nengunha, ainda que recoñece que "non é de recibo que, nalguns portos, as descargas se liquiden aos produtores a 4,50 ou a 6 pesetas o quilo cando se poden conseguir compensacións da CEE se o prezo non acada as 33 pesetas".

Loira considera que, para acollerse a estas compensacións, o sector debe de dotarse dun instrumento xurídico indispensábel que son "as organizacións de produtores", e que a crise débese "á recesión do consumo, ao aumento dos *stocks* de sardiña procedentes do Mediterráneo e a falta de organización dos produtores".

Pola sua banda o conselleiro de Pesca, López Veiga, coincide cos mariñeiros en culpar ás importacións da baixa de prezos, considera que "é un problema da Administración central, pois a Xunta non ten capacidade para resolvelo" e tamén demanda que se aplique a salvagarda, polo que cesarian as importacións.

Loira considera que "non se aportou documentación suficiente para apresentar esta demanda de salvagarda", considerándoa, ademais, inviábel "tanto polo monte das importacións como pola cantidade de sardiña retirada no que vai de ano", que cifra nunhas 80 toneladas. Afirma que en 1992 se importaron 724 toneladas de sardiña da Itália, 3.500 de Portugal, 4.080 de Rúsia e 30,1 de Marrocos.

Un plano para defender a frota galega

O BNG, pola sua banda, considera que a crise do cerco non é conxuntural, senón estrutural, e a sua solución non é que a Administración galega lle pase a responsabilidade a central e viceversa, senón unha actuación conxunta segundo as competéncias de cada quen. Nunha proposición non de lei apresentada no Parlamento o BNG pede un "plano galego para defender a frota de cerco". Ademais do cesamento das importacións na proposición o BNG demanda que a Xunta habilite as liñas de crédito precisas para asegurar o cobramento a armadores e traballadores cando teñan que acollerse a prezos de retirada, mentres o Estado e a CEE non abonen as correspondentes cantidades. Demandan tamén un plano de instalacións portuárias de frio que favoreza a comercialización, asi como axudas para a renovación da frota. ♦

■ No interior da Catedral de Compostela venden mel facendoo pasar por galego

O Consello Apícola da Asociación Galega de Apicultura denunciou a existéncia dunha *Tenda de produtos* no interior da Catedral de Compostela na que se expende mel foráneo etiquetado en galego, "nun intento de facer pasar por galego un produto que non o é".

A AGA estima que tanto a xerarquia eclesiástica, como a empresa e as autoridades da Xunta da Galiza deben arranxar esta cuestión "que atenta contra a dignidade dun coletivo de productores e constitúe un engado para os compradores e consumidores".♦

■ APU lanza unha campaña titulada *Isto nom é Espanha*

A organización independentista galega, Asemblea do Povo Unido, con ocasión do paso da *Vuelta* e a celebración do Xacobeo, ven de acordar desenvolver unha campaña de propaganda e información, sob o lema *Isto nom é Espanha*.

A campaña por unha banda pretende "que a voz do independentismo se faga oir para deixar patente que Galiza non é España e que unha longa história de opresión e marxinación cultural, económica, social e política é o que dá lugar á presente confusión territorial". E, por outra banda, tamén vai orientada ao povo galego tomar "cada dia máis consciéncia da sua realidade nacional e aumente o seu grao de auto-organización e auto-estima no camiño da recuperación dos direitos históricos".♦

XOSE LOIS

■ Bélxica, Estado federal

O pasado Venres 23, concluiu a reforma constitucional en Bélxica, para se converter un Estado federal con tres estados con amplas competéncias: Flandes, ao Norte, Valónia ao Sul, e Bruxelas no Centro.

A povoación francófona de Bruxelas, que está enclavada en território de Flandes, apresurouse a manifestarse en contra desta federación por considerala antesáa do separatismo.♦

■ Novo xuizo a un insubmiso

O Mércores 28, ás 12 da mañá, nos xulgados de Compostela foi xulgado Andrés Hernández Mouriño, obxector de conciéncia galego e asistente social no Concello de Valga, que se negou a facer o servizo social substitutório. A pena socilitada polo fiscal é de dous anos, catro meses e un dia de prisión maior. A defensa solicitou a libre absolución e recordou que Andrés Hernández xa se dedica ao servizo á sociedade.♦

■ Independéncia de Eritrea

Ao longo de tres dias, do 22 ao 25 de Abril, o Povo de Eritrea votou en referendo a posibilidade de se independizar de Etiopia. Habia tres décadas que Eritrea estaba en mans de Etiopia, e en Eritrea nacera unha guerrilla que loitaba pola liberación nacional. A supervisión do referendo correu a cárrego da ONU, a asisténcia foi masiva, e, a falta do reconto, que se producirá con lentitude, agárdase un grande triunfo do si.♦

■ A ONU denúncia torturas no Estado español

O Estado español tivo que comparecer diante da Comisión contra a Tortura da ONU en Xenebra, para tratar de desmentir as acusacións internacionais que sinalan que ainda se pratica a tortura. O principal inculpador era o relator oficial contra a tortura da ONU, Peter Kooijmans. Amnistia Internacional tamén publicou un informe no que se afirmaba que "se pode soster que a suspensión de certos direitos e garantias procesais fundamentais, autorizada pola lexislación española relativa á aprensión e detención, viola as normas internacionais para a proteción de persoas sometidas a detención ou prisión".

O informe de AI recorda casos como o de dous axentes que, no 86, foron declarados culpábeis de torturar presos. Foron condenados, mais non ingresaron en prisión e continuaron en servizo até ser indultados en Febreiro do 91.

O portavoz oficial do Estado español, Julián Palacios, recoñeceu casos aillados de malos tratos e asegurou que é preciso "loitar seriamente" contra a tortura, xa que evidéncia que ese tipo de denúncias "son usadas como bandeira por quen non teñen en conta a vida nen a dignidade das persoas".♦

■ O canon da auga, novo imposto para as famílias galegas

A imposibilidade de determinar a contaminación vertida por particulares e indústrias, serviu como xustificación á COTOP para estabelecer o consumo de auga como base de referéncia do que terán que pagar indústrias e cidadáns en conceito de canon da auga, para construir estacións depuradoras.

O princípio *quen contamina paga* é substituido por *quen consume paga*. Deste xeito, segundo os partidos da oposición parlamentária, o cánon da auga, aprobado cos votos do PP, é outro imposto para as famílias galegas.♦

■ Amedo obtén un permiso carcelário

O membro dos GAL e subcomisário de policia, Amedo Fouce, condenado a 108 anos de prisión pola sua implicación coas accións armadas da guerra suxa, foi posto en liberdade cun permiso de sete dias para visitar á sua esposa, que está nun hospital e que foi intervida para lle estirpar un cancro.

Todos os políticos bascos apresuráronse a sinalar a discriminación frente aos presos de ETA, que non consiguen permisos e que, mesmo para acudir a enterros de familiares direitos, son conducidos esposados e vixiados por unha morea de policias. Os bascos tamén temen unha posíbel fuxida de subcomisário Amedo.♦

■ Garantido o direito ao voto dos que non figuran no censo

A Xunta Eleitoral Central emitirá certificacións censais específicas para todas aquelas persoas que, por un erro, non figuren no censo eleitoral. Coa presentación do certificado será posíbel votar.♦

■ A manifestación central do 1º de Maio será en Ourense

A crise industrial que padece Ourense levou aos dirixentes dos tres sindicatos operários, CIG, CCOO e UGT, a convocar nesta cidade a manifestación central dos actos comemorativos do Dia Internacional do Traballo. A manifestación comezará ás 12 no Pavillón e rematará no Governo Civil. Este e todos os actos son unitários.

Na Coruña ás 10 da mañá haberá unha ofrenda floral no cemitério para, a continuación, desde as 12 marchar nunha manifestación que partirá da Praza de Vigo. No Ferrol a manifestación sairá ás doce do Infernińo, para rematar na Praza de Armas. A manifestación de Compostela partirá ás 12 da Praza de Cervantes, con chegada no Toural. As 12.30 sairá dos locais sindicais da Ronda da Muralla a manifestación lucense, que terá como remate a Praza Maior. En Vigo, ás 11.30 sairá desde Via Norte, con destino na Porta do Sol, para celebrar unha festa na Praza da Princesa. En Vilagarcia ás 12 haberá unha manifestación con saída e chegada na Praza Ravella. Por último, a crise da pesca recomendou este ano trasladar de Pontevedra a Marin a manifestación do 1º de Maio, a hora de saída é as 11.30.♦

■ Multitudinária manifestación en defensa dos homosexuais en Washington

Bill Clinton eludiu estar presente na manifestación que o pasado Domingo se celebrou en Washington en defensa dos dereitos dos homosexuais e lesbianas, e que contou coa presenza dun millón de persoas.

Contodo, Bill Clinton enviou unha comunicación de apoio aos manifestantes. Clinton debe parte da sua victória grácias ao apoio dos gais e lesbianas, cos que se comprometeu a defender direitos civis tan básicos como o acceso ao exército.♦

■ Plataforma en defensa do sector lácteo

O Sindicato Labrego Galego fixo unha chamada á constitución dunha plataforma en defensa do sector lácteo galego, e exixiu a imediata criazón do grupo lácteo galego, que permita ter en mans galegas a comercialización deste produto. Os sindicatos operários acordaron sumarse a esta proposta e reclamar conxuntamente a constitución deste grupo lácteo. Contodo, o SLG observa a intención da administración autonómica de abandonar a idea.

Para viabilizar a constitución do grupo, e para presionar á Xunta, o SLG solicitou unha entrevista co Conselleiro de Agricultura, co Director Territorial do Ministério de Agricultura, pediu da Xunta a convocatória urxente da mesa do leite e convocou aos sindicatos agrários para ver da oportunidade da criazón dese grupo lácteo.♦

GALIZA E MUNDO

ELEICIÓNS XERAIS

Cámbios nas listas até última hora

Os candidatos buscan un segundo

■ A. EIRÉ

A dous dias para rematar o prazo de apresentación das candidaturas a maioria dos partidos ainda teñen as suas listas por completar, agás o BNG que as deu a coñecer na sua totalidade. As liortas internas no PP, o desembarco de "independentes" nas listas do PSOE e o pacto UG-EU retrasaron a configuración definitiva dos planteis eleitorais destas formacións.

A situación económica é a gran esquecida da campaña.

Unhas eleicións apresentadas como un pulso particular entre dous presidenciábeis, Felipe González e José María Aznar, nas que os demais candidatos e integrantes das listas terian un sinxelo papel de figuróns, perderon xa antes de pechar as candidaturas esa imaxe de man a man. Tres foron os principais motivos na Galiza. O primeiro singularizado: o nacionalismo galego ten posibilidades reais de estar presente en Madrid, polo que a campaña galega terá unha dinámica própria. A segunda incidéncia é a de que serán precisamente os nacionalismos quen teñan a chave do futuro governo madrileño polo que adquiren un papel sobranceiro. A terceira é a puxa entre PP e PSOE polo centro político e por mostrar unha imaxe *rexenerada* que os levou á procura de fichaxes e a inclusión de "candidatos independentes".

Esta terceira incidéncia, unida ás consabidas liortas internas, propiciou que a maioria dos partidos operantes na Galiza ainda non desen pechado as suas listas a dous dias do prazo final. A continxéncia afectoulle ao PSOE sobremaneira, trastocando osplanos de Sánchez Presedo, que saía en boa posición da puxa. González, máximo responsábel das listas, respaldaria a posición do seu Secretário Xeral na Galiza, polo que pudo deixar fora primeiramente a González Príncipe e a Pérez Touriño das listas de Pontevedra, asi como a Xerardo Estévez pola Coruña, a Iglesias Rivera por Lugo e a Agustin Vega por Ourense.

Semella que a vitória de Presedo foi pírrica por canto lle gañou ás distintas famílias galaicas, pero hipotecou a sua independéncia con Madrid. Non faltou tempo para que Felipe González lle pasase recibo. Nun primeiro momento coa inclusión dun *paracaidista* en Pontevedra: Constantino Méndez, director xeral da Seguridade Social. Logo pediria que se incluise ao ex PCE, Enrique Curiel de número tres. Cando xa estaban pechados os principais candidatos unha chamada desde Madrid *perguntou* pola disposición a incluir de número un por Lugo a Ventura Pérez Mariño. Varela Flores, que ia ocupar ese posto, afirmou que teria que pensar o figurar en segundo lugar na lista. Voltaban as liortas.

Centrar o partido

A inclusión de Pérez Mariño, ligado a EG até queaccedeu á maxistratura por ser "avogado de recoñecido prestíxio", despois de exercer a sua profisión en Vigo, vai inserida nun intento por parte de Felipe González de *rexenerar* o partido, ao tempo que o centra no espazo político e tapa os sumidoiros da corrupción con persoas que se distinguiron precisamente por loitar contra ela. O xuíz Garzón, que entrou na mesma operación que Pérez Mariño, é a fichaxe máis significativa. A liña "ético-liberal" é a aposta de González para un novo Governo, mentres segue apoiando a política económica neoliberal, representada por Carlos Solchaga.

> 'Semella que a vitória de Presedo foi pírrica. Gañou ás distintas famílias galaicas, pero hipotecou a sua independéncia con Madrid'.

A carreira de Baltasar Garzón contou co apoio dun sector do Partido Socialista, en contra da opinión doutros como o Ministro Corcuera.

Esta política económica é a que enfrenta ao PSOE con Izquierda Unida. O apoio a Maastricht, contravindo as directrices dos órgaos da coalición de Sartorius, Almeida, Castellanos e o seu grupo dos *renovadores*, deu lugar a que as bases de IU os deixasen fóra dos principais postos das listas por Madrid, levando a estes tres políticos a abandonaren as candidaturas. O episódio foi aproveitado case unanimemente para atacar ao candidato de IU, Julio Anguita, que apostou pola coeréncia ideolóxica e polo exercício da democrácia interna.

A posición ante Europa e o apoio condicionado a Maastricht é precisamente un dos principais pontos de coincidéncia entre Unidade Galega e Esquerda Unida, coalición que xa anunciou os seus principais candidatos. EU mantén como cabeceiras de lista aos candidatos que xa tiñan eleito, pasando ao segundo lugar nas províncias de Pontevedra e Lugo, por encabezar estas listas membros de Unidade Galega.

Na Coruña será Manuel Lago, dirixente de CCOO quen ocupe a primeira posición e en Ourense Manuel Peña Rey. En Lugo ainda non está decidida a cabeceira, que terá que ocupar un membro de UG, mentres que o candidato de EU, Anselmo Sampedro, irá en segundo lugar. En Pontevedra Camilo Nogueira será o cabeza de lista da coalición, pasando ao segundo posto o candidato que tiña designado EU, Outes Ruso. Nogueira Román pretende xogar asi unha vez máis co seu tirón eleitoral (foi xa alcaldábel en Vigo e candidato á presidéncia da Xunta pola província de Pontevedra) o que supón, segundo UG, "unha aposta clara pola coalición". Se obtiver un escano nestes comícios, Nogueira dimitiria para apresentarse como candidato á presidéncia da Xunta, ainda que Guerreiro garda a sua baza, ao non oferecerse agora como candidato, para ocupar esa praza na futura coalición. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente**: Modesto Solla.
Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga.
Secretário: Pancho Torrente. **Vogais:** Manuel Veiga, Cesáreo Sánchez, Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Diaz e Xaquin Acosta

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horácio Vixande, Anxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: A. Prieto (A Coruña), Xosé M. Pérez (Santiago), H. Sanfiz, Mª X. Arias (Ferrol), F. Arrizado (Lugo), X. Castro Ratón (Vilagarcia), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortegal), D. Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Chá), X.M. Santiago Cagigao (Barbanzal), Manuel Diaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacin (A Fonsagrada), M. Vilar (Santiago), X. Fernández Mateo, A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Pilar Saavedra (Monforte), Daniel Lazaré, Pepe Rei, Joseba Macías (Euskadi), M. Rodríguez Bertojo, Alberto Cruz (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto).
Deportes: Vítor Míguez. **Cultura:** Lino Braxe, Manuel Carballido.

Colaboradores: Primitivo Carbajo, X C. Garrido Couceiro, Avelina Barreiro, C. López Garrido, Nanina Santos Castroviejo, Anxos G. Salgado, Amanda Álvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Margarita Ledo, Xesus Vega, César Varela, A. Mascato, X.L. Iglesias, R. Dacuña, Marga R. Holguín.
Internacional: Xúlio Ríos, Manuel Vilar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelú. **Ecoloxia:** M. Chouza, R. Cid.
Deportes: Ricardo Rivera **Axenda:** Iago Luca.

Humor: X.X. Piñeiro Cochón. **Libros:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán.
Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira.
Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane.
Cine: Celso López, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. **Televisión:** G. Vilas. **Arquitectura:** Prácido Lizancos. **História:** Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Carlos Puga, Chus García, M. Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz,, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Délmi Álvarez, Tachi Castro, *Voz Noticias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Xúlio Gaioso, Tokio, Hermida, Gonzalo, Manel.

A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreiro.

Subscricións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rua do Príncipe, 22, planta baixa Apartado postal 1371 (36200 Vigo).
Tel.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3-1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

ELEICIÓNS XERAIS

Michel Rocard lanzou a iniciativa de ampliación do campo socialista con novos aliados. Felipe González aposta pola via presidencialista de Mitterrand.

FELIPE GONZÁLEZ APOSTA POR UN PARTIDO NEOLIBERAL

A. EIRÉ

Tanto François Mitterrand como Felipe González cando chegaron ao poder a comezos da década dos oitenta atoparon dificuldades para levar a cabo o seu programa socialdemócrata, pero, como di o escritor Carlos Gabetta en *Cuatro Semanas*, "unha cousa é a impoténcia. Outra o cinismo, a dobrez, a desonestidade e a traición". Entocados frente á opinión pública no "pragmatismo do governo", a socialdemocrácia até de agora governante está a mostrar a sua verdadeira imaxe sen filtros estéticos: o neoliberalismo centrista.

Max Gallo, o político francés que renunciou en 1992 ao seu posto no *Comité director* do PSF denunciou a estratéxia mitterrandiana de unidade cos liberais de Valéry Giscard D'Estaing a propósito de Maastricht, afirmando que esta maridaxe era ditada polo desexo político de "construir, segundo a pior tradición, unha nova maioria na que, coa excusa de Europa, repartirán o poder á marxe dos cidadáns".

Un ano despois esa estratéxia está xa moito máis clara, Mitterrand pretende formar a "grande coalición de centro,o *groupe central* de inspiración liberal. Non importa que os soños e as necesidades de milleiros de socialistas queden polo camiño.

OS CARREIROS DE GONZÁLEZ E MITTERRAND

Felipe Gonzáleztransita por carreiro paralelo aode Mitterrand, saltándose as mesmas normas democráticas. O presidente francés constituiu unha "policia máis ou menos paralela", para, como prometeu, "acabar dunha vez co terrorismo", ainda que for acosta de arrestar a inocentes, como ocorreu cos *irlandeses de Vincennes*. Mandou colocar a bomba no barco de *Greenpeace*. Os seus amigos protagonizaron numerosos delitos bursáteis, o PSF financiouse ilegalmente... Aplicación indiscriminada da *Lei Antiterrorista* que, ao se incorporar ao Código Penal pasou a ser de aplicación a toda a cidadania; *Lei Corcuera*; a defensa dos grupos parapoliciais chamados por Felipe González *os sumidoiros do Estado* (GAL); *Ibercorp*, o financiamento do PSOE, *Filesa*... foron os caneiros antidemocráticos escollidos por Felipe González. Pouco importa que a direita fixese abertamente as mesmas cousas que a socialdemocrácia ás agachadas. Na política económica, dino agora sen tapuxos (millóns de parados,maiores diferéncias entre os ricos e os pobres, os primeiros acumulan cada vez maior capital, os segundos acumulan cada vez maior número) coinciden PSF, PSOE, PDF e PP.

CONSTRUIR UNHA NOVA MAIORIA

Ambos políticos parapéitanse na sua presidéncia para construir unha nova maioria. O francés nos *Champs Elisées*, o español na *Moncloa*. O primeiro que necesitan é desfacerse do partido no sentido tradicional: organización de masas, con militantes, organismos democráticos,... O PSF, perdido o Governo, está en clara descomposición, á procura dunha nova identidade, con Rocard, sempre máis oportunista que oportuno, disposto a liderar unha *nova esquerda* e Mitterrand un *novo centro*.

Na crise e na desputa do PSOE tamén está a identidade do próprio partido. Enrique Múgica, membro da executiva socialista, foi claro cando definiu a situación: "o que estamos a discutir é o modelo de partido e, no PSOE, está claro que existen dous". Alfonso Guerra diria hai un ano: "este debe de ser o único caso no que o líder cansa do partido e non o partido do líder". Este *cansáncio* fíxose enfurruñamento cando os senadores socialistas se negaron a modificar a *Lei de Folga*. González considerou que o grupo e o partido non o obedecian e decidiu controlar o partido. Amagou máis unha vez con dimitir e converteuse, de momento, en ostentador de poderes excepcionais á marxe dos órgaos decisórios democráticos mentres estuda como converter ao PSOE nunha espécie de PRI mexicano.

Sempre influenciábel polo PSD e PSF, González tenta dar os mesmos pasos que Mitterrand. O primeiro paso será un *Governo de notábeis* ao que poderian ser chamados Adolfo Suárez, Herrero de Miñón, Ramón Tamames, Raúl Morodo..., coa incorporación ou pacto coa direita catalana e basca e a anuéncia da direita sociolóxica. González pediralle ao partido, á vista de que non será quen de conseguir maioria absoluta, *mans libres*. Escapará asi ao control partidário. Só será responsábel ante o "meu Governo" e ante a História. Desde hai tempo ven manifestando a sua intención de que o Governo actue sen control partidário. A primeira incógnita é cal será a reacción do partido, deixarase *ningunear*? Na configuración das listas comezaron as liortas e González está a gañar a primeira batalla ao incluir non só a destacados "independentes" senón ao impor aos seus candidatos.

> 'Á vista de que non será quen de conseguir maioria absoluta, González pediralle ao PSOE mans libres. Escapará asi ao control partidário'.

Demostrando nunha década que os programas eleitorais non chegan a mera referéncia, que aposta realiza un cidadán se decide votar PSOE? Votará socialdemocrácia, *nova esquerda* ao estilo do alemán Peter Glotz (ideólogo do PSD), esquerda *rocardista*, liberal felipista-mitterrandea...?♦



TVG á beira do abismo

"A *Televisión de Galiza* está en perigo. Está en perigo porque non produce e unha empresa que non produce está condenada a Morte", escrebe X.Antón Dobao no número 54 de ADIANTE. "Neste momento, soamente o 6,8 por cento producción faise cos medios técnicos e humanos propios. O resto da horta repártese entre as productoras privadas de televisión, as empresas de dobraxe e as productoras de noticias dependentes dos xornais privados (...) Nunca coma hoxe a TVG estivo tan á beira do abismo. A situación económica é gravísima, a débeda crece ano a ano, o goberno galego segue a recorta-la subvención, a xestión da dirección é sinónimo de dilapidación absoluta, actualmente estase conformando un cadro de persoal paralelo, constituido por un exército cada vez maior de traballadores con contratos artísticos ou autónomos, con arrendamento de servícios: traballadores sen dereitos. Se a esto lle sumámo-la guerra que contra a TVG sosteñen os medios privados e o PP, que inculcan na sociedade a idea de que as televisións autonómicas só serven para malgasta-los cartos, comprenderemos que nos cómpre ós traballadores da TVG toma-la iniciativa para posibilita-la longa existéncia dos nosos medios de comunicación".

A indústria de guerra do disco

"A rádio que espalla o *rock and roll* en todo o mundo é unha rádio preparada polos intereses do exército dos Estados Unidos, e a partir deses intereses nace a indústria discográfica", di Santiago Auserón na entrevista que publica o número de Abril de AJOBLANCO, asinada polo director da revista J. Ribas.

Santiago Auserón.

Preguntado sobre que cousas compren para cambiar a indústria discográfica, Auserón di que "o *rock* arrasta unha ambigüidade radical de orixe, porque os meios de comunicación son prolongacións da indústria militar. A indústria do disco nace deses intereses. Os meios de comunicación son sistemas de control da produción da sociedade e das necesidades de comunicación. O problema radical é que os meios de comunicación son mentireiros e serven para atorar e dirixir a información. Crian unha rede complexa e definida e multiplícanse alén do que eles mesmos son capaces de controlaren. Os grandes monopólios da comunicación non van desaparecer pero viven un contrasentido contínuo: carecen de contido para rechearen o seu horário agás que eses contidos nazan da sociedade. Cómprelles algo que eles mesmos aniquilan. Deberan ordear as suas enerxias e sentar as cousas dacordo cun nível competitivo e de eficácia. Non podemos ser *descontrolados, drogotas* e *pasotas* se queremos abrir camiño e dignificarmos os nosos sistemas de produción alternativos".

Timor Leste baixo a bota indonésia

"No Timor Leste, os ollos e as orellas dos militares están por todas partes e dezaoito anos depois da invasión da ex-colonia portuguesa o laio pola represión é un clamor", di o NEW YORK TIMES do 22 de Abril, nunha crónica que asina Philip Shenon. "O Governo indonésio di que os rebeldes asumiran por fin a sua derrota, despois de loitar contra a ocupación en 1975. Pero as asociacións internacionais de direitos humanos aseguran que as institucións proseguen coa tortura e o asasinato, único xeito que teñen para manter a anexión de Timor. Ainda está viva a memória da matanza no cemitério de Santa Cruz, en Novembro de 1991. As testemuñas dinque alomenos masacraran 200 persoas. O Governo recoñecera cincuenta mortos. A pesar dos informes das organizacións de direitos humanos, o Governo di que domina a situación despois da detención do lider independentista José Xanana Gusmão. Fontes diplomáticas de lacarta calculan que dos vários millares de guerrilleiros que tiña a *Fronte Revolucionária para a Liberación do Timor*, só quedan 200 soldados. O Governo está tan seguro do seu poder sobre Timor Leste que por primeira vez desde a masacre de 1991 autoriza a visita de xornalistas a Timor, ainda que sexa baixo vixiáncia e se podan contar cos dedos da man os timoreses que queiran respostar unha pregunta".♦

O DEBATE DE MAASTRICHT

Unha representación do BNG participou en Copenhague nas *Xornadas Internacionais* de apoio ao *non*

A repetición do referendo danés divórcia a partidos de eleitores

■ M. VEIGA

A repetición do referendo sobre Maastricht está a poñer de manifesto a fonda división entre os nove partidos representados no parlamento de Copenhague, que piden maioritariamente o *si* ao Tratado, e os cidadáns que nunha grande parte seguen a mostrarse partidários do *non*. Xosé M. Beiras e Encarna Otero estiveron presentes nas *Xornadas Internacionais* , celebradas os pasados 23 e 24 de Abril, convocadas pola *Enhedslisten*, Coalición de esquerda alternativa danesa que solicita o *non* a Maastricht. Importantes líderes europeos, de dez paises, participaron tamén nos actos.

O 18 de Maio os daneses votan de novo o *Tratado de Unión Europea*. Os partidários do *non* reafírmanse na sua postura co argumento de que o Cúmio de Edimburgo, destinado a reformar o TUE de maneira que resulte máis admisibel, en realidade non modificou nengun dos aspectos esenciais: moneda única, banca central, escasas competéncias do parlamento, deseño ultraliberal etc.

Os partidários do *non* tratan de lograr ainda que sexa recoñecida a denúncia de inconstitucionalidade do referendo, amparados en que a constitución danesa non admite a repetición dunha consulta que xa foi formulada recentemente.

Para os opositores a Maastricht o referendo ven a demostrar que as decisións democráticas non resultan válidas cando non favorecen os intereses de certos poderes. Asi a nova consulta trataria, unha vez superada a surpresa da anterior, de tomar as necesárias medidas para lograr un voto positivo. Os méios de comunicación, nomeadamente a televisión, achicaron o espácio dos opositores e un dos dous únicos partidos do parlamento que pedian o *non*, o Partido Socialista Popular, unha escisión dos socialdemócratas, agora é partidário do *si*, despois de que lle prometeran, ao parecer, a participación no governo e non sen sofrir várias revoltas internas.

As bases socialdemócratas molestas

A escisión entre os eleitores e os seus representantes parlamentários faise nesta ocasión máis notabel se cabe. Dos nove partidos presentes na cámara de Copenhague unicamente o antes mencionado e unha pequena forza de extrema dereita eran partidários do *non* no referendo anterior e contodo o voto negativo gañou. Agora o PSP renunciou e ainda asi o *non* segue a ter un elevado número de partidários, se ben as espectativas apontan a unha curta vitória do *si* , ao estilo francés. A explicación, segundo os responsábeis da *Enhedslisten* (lista alternativa verde-vermella), radica en que as corporacións multinacionais europeas teñen sobornado a opinión das principais forzas políticas danesas. A ruptura entre a cúpula socialdemócrata que pactou Maastricht e as suas bases resulta notória.

Moitos daneses, maioritariamente progresistas e de esquerdas, continuan acreditando que a Europa debuxada en Maastricht pode supór un recorte da cobertura social que xa era recoñecida en Dinamarca desde hai anos, xunto cun retroceso nas condicións laborais. O paro afecta xa a máis do 8% dos daneses. Non é extraña por tanto a grosa preséncia de sindicalistas entre os partidários do *non.*♦

Cartaz alusivo ao referendo baseado no conto de Andersen *O rei espido.* O Cúmio de Edimburgo non modificou o Tratado. Unha nena, que é a que di a verdade, denúncia que o acordo de Edimburgo (o rei) vai espido.

'O *non* europeu a Maastricht é progresista e de esquerda'

O *non* a Maastricht non é dereitista e *chauvinista* como tratan de poñer de manifesto os méios de comunicación que ao tempo retratan o *si* como xoven, urbano e progresista. Segundo os participantes nas *Xornadas Internacionais* celebradas os pasados 23 e 24 de Abril en Copenhague, o *non* é maioritariamente de esquerdas.

O coñecido lider laborista británico Tony Benn foi un dos ponentes, acompañado de Winfried Wolf, deputado do PDS alemán oriental e da deputada verde tamén alemana Dorothee Piermont. Benn, poñendo de relevo as suas dotes oratórias, recordou que "a CE non é toda Europa, nen sequer a metade. Que vai pasar cos restantes paises até os Urais?", perguntou.

Entre os restantes convidados encontrábanse franceses, italianos, flamencos, gregos, portugueses e galegos. O documento sobre Maastricht, elaborado polo BNG que estaba representado no encontro por Xosé M. Beiras e Encarna Otero, foi positivamente acollido. Non pudo asistir por enfermidade o nomeado eurodeputado frances Max Gallo.

Membros da *Enhedlisten*, coalición alternativa *verde-vermella*, con preséncia de representantes en todos os concellos do pais (tres na capital), puxeron de relevo a condición eurocentrista do *Tratado* que indirectamente servirá para promover o racismo, a escasa sensibilidade medioambiental, os gastos militares destinados a afortalar a defensa europea e a prevista redución de gasto público.

Segundo Encarna Otero "a política dos Estados e dos partidos no poder segue sendo forte, asi como a dos respectivos organismos de control. Ainda que as bases se rebelen é difícil enfrentarse a iso, pero o certo é que esa rebelión existe".♦

PLAN DE ESTRADAS DE GALICIA

A XUNTA CONSTRÚE MÁIS KMS. DE FUTURO PARA GALICIA

Seguimos abrindo paso ó futuro.

Co ancheamento e acondicionamento da PO - 410 e PO - 412, Porriño - Filgueira (1ª Fase), correspondente ó Plan de Estradas de Galicia, da outro paso adiante.

Un Plan que abre, deste xeito, novos e mellores camiños ó desenvolvemento de toda a nosa Comunidade Autónoma.

Seguimos avanzando. En dirección ó futuro.

PORRIÑO - FILGUEIRA

PRESUPOSTO:

1.073.894.248 Pts.

ADXUDICATARIO:

GINES NAVARRO CONSTRUCCIONES, S.A.

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas
Dirección Xeral de Obras Públicas

Un futuro ben trazado.

CONFLITOS DE TOPONÍMIA

A maioria da vila maniféstase en contra de chamar San Lois de Cesures a Pontecesures

Un decreto de Afonso XII excusa para o alcalde tratar de cambiar o nome de Pontecesures

A NOSA TERRA

■ HORÁCIO VIXANDE

Xosé Piñeiro Ares, alcalde de Pontecesures desde hai máis de duas décadas, metido a prehistoriador, no franquismo, escrebia un libro titulado "História de Puentecesures", no que concedia lexitimidade histórica a este nome. Posteriormente, xa na etapa actual, a Comisión de Toponímia, nun proceso de revisión de nomes castellanizados, resolveu chamar Pontecesures á vila. Durante este proceso Piñeiro Ares non foi consultado.

O pasado Agosto, nun pleno convocado de xeito cuasei clandestino -os concelleiros da oposición descoñecian a orde do dia e decidiron non acudir-, Piñeiro somete á consideración do pleno o troco do nome por San Lois de Cesures. A lei concedia esta posibilidade se era favorábel a maioria de dous tércios do pleno. Asi foi, xa que o PP conbtaba con sete dos dez concelleiros.

A razón aducida por Piñeiro Ares era que rematando o século dezanove o rei Afonso XII concedera a xentilício de vila ao lugar da parróquia de San Xulián de Requeixo, daquela pertencente ao Concello de Valga, de San Lois. Non seria até o ano vintecinco que Pontecesures nacia como Concello, con este último nome.

"A miña opinión -expresa Avelino Pousa Antelo, vello galeguista comprometido coa vila- é que Piñeiro sentiuse doído por non lle considerar a Comisión de Toponímia e agora ven con esta parvada".

A oposición en contra

Coa decisión do pleno abriuse un proceso que agora está pendente da resolución da Xunta de Galiza, frente á que, desde o sete de Abril ao sete de Maio, é posíbel apresentar os recursos pertinentes.

A oposición do BNG e o PSOE (con dous e un concelleiros, respectivamente), está a tratar de impedir este cámbio de nome, polo que o pasado Mércores comezou un proceso de recollida de sinaturas que está a ter un éxito inesperado. "A nosa intención é evitar que Piñeiro poda seguir adiante coa sua postura, neste sentido está asinando moita xente que é votante do PP de toda a vida", asegura Luís Alvarez Angueira, concelleiro deste grupo.

A posibilidade de recorrer a un referendo e a manifestacións por parte da oposición xa foi valorada. "En princípio estamos contra o troco de nome -indican no BNG-, non queremos que se produza, pero de ser asi non estaria mal consultar ao povo. A respeito de realizar manifestacións, todos os métodos de reivindicación son válidos".

Manchester ou City of Piñeiral

"A xente sempre chamou Pontecesures á vila. Podemos remontarnos á história, e seguro que no paleolítico tiña outro nome, pero é coñecida na actualidade como Pontecesures. Segundo o critério de Piñeiro Fraga é presidente de Gallaecia", afirma Fernando Rodríguez Gómez, concelleiro do BNG.

Contodo, certo sentido do humor reina entre os viciños de Pontecesures, algo do que son mostras as reivindicacións irónicas dos concelleiros: "Se estamos con esas, preferimos chamarlle Manchester ou City of Piñeiral".

"É o capricho dun pseudointelectual de pacotilla", asegura Avelino Pousa Antelo, que durante moitos anos foi o correspondente dun diário en Pontecesures. "Nunha ocasión, como non gostou dun artigo meu, denuncioume e fíxoo como Xefe Local do Movimento. Conservo cópia da denúncia na casa", comenta Avelino Pousa, que foi obxecto dunha intensa persecución por parte de Piñeiro.

Siléncio do PP

Mentres se suscita a polémica, e os meios de comunicación fanse eco da pretensión do Alcalde, chegando mesmo a ridiculizala, este último refuga a comparecéncia pública e trata de evitar aos periodistas. Os membros do seu governo e do grupo municipal que o apoia desvian cara a Piñeiro calquer consideración sobre a cuestión. A influéncia do Alcalde sobre os seus é demasiado abafante como para emitir opinións independentes.

Piñeiro fora, no seu dia, correspondente de moitos meios de comunicación, praticamente de todos, e através deles mobilizaba ao povo contra calquer que manifestara unha voz discrepante.

Mais na rua, perguntados os viciños, os máis deles están por continuar chamando Pontecesures á sua vila. Alguns, os menos, calan. E nengun dos interpelados que mantiveron siléncio soubo dicer cal é o nome que Piñeiro apresenta como alternativo.

O alcalde de Pontecesures, en definitiva, non fai máis que reproducir polémicas rexistadas noutras vilas galegas. Foron destacábeis os casos de Durán Casais con *Puebla del Caramiñal* e de Pepe Castro con *Puenteareas*. Nas duas ocasións a normalización rematou por se impor. Pepe Castro tivo que aceitar Ponteareas, se ben ainda recorre á tradución castellana. O PSOE, unha vez no poder, oficializou o nome de Pobra do Caramiñal, non sen provocar discusión en torno á fórmula final adoptada. ♦

Folla de servizos

"Aqui, en eleicións, funciónanlle moi ben o uso de coches particulares -comenta Fernando Rodríguez-, e nos arredores dos coléxios o Alcalde somete a unha intensa *marcaxe* aos votantes".

O xeito de Piñeiro governar non difire moito doutros alcaldes do PP. O uso que se fai do polideportivo é un exemplo. Foi construído en terreo escolar co compromiso de os alunos teren acceso prioriário. Mais o pleno decidiu que, en pos do mantimento do bon estado do piso, non fose permitido o uso por parte dos escolares. Piñeiro Permuy, concelleiro de Educación, xustifica esta postura baseándose na razón dos votos. Mentres, o Valedor do Povo insiste na inconstitucionalidade da medida. O polideportivo é empregado só para ensaios de orquestras e para xantares multitudinários, como a homenaxe a Piñeiro polos seus vinte anos á frente da alcaldia.

Quince dias das eleicións municipais de Maio do 91 inaugurou un parque en Carreiras, cuxas obras comezaron en Outubro do 92. En Grobas e Fenteira, cando habia habilitado un orzamento de máis de dous millóns para iluminación o corte duns piñeiros por parte dos viciños provocou que o alcalde desviase o investimento.

'Entre os mecanismos clientelares, Piñeiro empregou o polideportivo para un xantar homenaxe a si mesmo'

O uso persoal do poder provocou situacións como a que padeceu o pai de Fernando Rodríguez, que hai moito tempo estivo tres anos sen luz porque o Alcalde, ao que estaba enfrentado, non asinaba un documento indispensábel para a conexión á rede eléctrica. Coa auga ten feito algo semellante: cimentar billas públicas para impedir que determinados viciños podan abrila e ter auga...

Os plenos son ás nove ou dez da mañá e a estas alturas ainda no foi aprobado o orzamento para este ano.

Tamén é destacábel o enfrentamento co alcalde de Padrón, Xesus Villamor, tamén do PP, ao estimar que o Xacobeo só benefícia a Padrón.

Os modos de Piñeiro Ares foron herdados polo seu fillo, Miguel Piñeiro Moure, autor das famosas listas negras da TVG. ♦

V CONGRESO DA INTG-CIG

O informe de xestión obtivo un apoio unánime

A INTG camiña unida cara á Converxéncia

■ H. VIXANDE

A coincidéncia na necesidade en camiñar cara o congreso fundacional da CIG nun prazo breve (está previsto para o 10 de Marzo do 94) e a prática unanimidade sobre o contido das ponéncias foron os dous pontos que destacou a nova dirección eleita no V Congreso da INGT/CIG, celebrado o pasado fin de semana en Vigo.

A. IGLESIAS

A constitución da CIG ten o camiño despexado, a data definida no pasado congreso de Xaneiro da CXTG é o obxectivo das duas forzas que deseñaron a Converxéncia. O próprio Secretário Xeral da INTG, Manuel Mera, asegurou que nos últimos catro meses tense avanzado substancialmente.

A unidade interna é case total, unicamente alguns matices na eleición das persoas a dirixir esta central aparecen como discrepáncias, que se manifestaron en algo menos de 40 votos en branco.

O debate en torno a Maastricht, que no congreso da CXTG foi máis intenso, ainda que a posición maioritária acadou un grande apoio, neste congreso non foi preciso reproducir.

A profundidade na análise sobre a situación do país no contexto estatal e internacional, feita na ponéncia de acción sindical, "moi global", como aseguraba o membro da Comisión Executiva, Xesus Seixo, quer aportar á CIG unha visión esmiuzada da realidade, cara a sua constitución definitiva.

Continuidade na direción

Por outra banda, apenas houbo trocos na equipa que ten como misión levar á central ao seu destino na CIG, se ben o anterior Secretariado Nacional estaba composto por dez membros e esta Comisión Executiva ten oito compoñentes. Manuel Mera Sánchez continua á cabeza da dirección da INTG.

O informe do Secretariado sainte foi aprobado cun voto unánime, e os tres órgaos eleitos tiveron un apoio case total. A Comisión Executiva contou cun apoio de 180 votos, 45 votos en branco e un nulo. A eleición da Comisión de Garantias, composta por 9 membros e tres suplentes, contou con 185 votos a favor, 36 en branco e un nulo, e a Comisión de Contas, integrada por trs persoas, tivo o apoio do 178 votos, 38 sufráxios foron emitidos en branco e un nulo.

Manuel Mera, co informe do Secretariado Nacional, abriu o Congreso, facendo unha análise xeral da economia galega que considerou moi afectada pola entrada da Galiza na CE, e criticou a política laboral desenvolvida polos governos central e autonómico, que calificou como antiobreira.

Consolidación da CIG

Na intervenciópn de clausura, tras a eleición dos órgaos directivos e logo de as delegacións invitadas dirixírense aos presentes, Manuel Mera pronunciou un discurso no que non só puxo acento na consolidación da Converxéncia coa CXTG, tamén pasou revista aos "graves problemas económicos que padece o país: paro, emigración...", problemas que, dixo, son comuns a todos os traballadores e que comprometen a todas as forzas sindicais.

"Temos unha visión internacional porque non cremos ser unha illa separada do resto do mundo, pero tamén somos traballadores galegos e vivimos nun marco con outros problemas, como os agrários ou os pesqueiros, resolvelos seria poder facer unha industrialización forte, e dela poderia traducirse unha mellor comercialización e un afortalamento do sector servizos", aseguraba Mera no seu discurso.

O talante, dialogante, e a confianza na Confederación Intersindical Galega, tamén foi resaltado por Mera, quen asegurou que "ese proxecto non se completa senón temos unha central única", en alusión ao vello anceio do sindicalismo galego de agruparse. Ainda que, posteriormente, membros da Comisión Executiva recoñeceron que queda moito por andar.

A. IGLESIAS

A coincidéncia na análise e a continuidade na dirección reforzan a unidade cara á Converxéncia

Resolucións congresuais

A maiores da profundidade das ponéncias, sobretodo de acción sindical, o congreso aprobou unha série de resolucións encabezadas pola exixéncia á Xunta da imediata constitución do grupo industrial lácteo galego. O congreso tamén solicitou o voto a forzas nacionalistas ante os vindeiros procesos eleitorais, subliñando a necesidade de obter representación en Madrid e ampliar a que se ten na Galiza.

Os presentes tamén mostraron a sua solidariedade cos povos cubano, sulafricano, sahariano e todos aqueles que loitan contra a intervención estranxeira. A mesma solidariedade foi expresada cara os obxectores e insubmisos. A solicitude ao Governo central de habilitar pensións contributivas para os emigrantes no exterior e a garantia de retorno digno, asi como o apoio aos traballadores do mar, na loita por mellorar as suas condicións de vida, e na defensa do sector pesqueiro, completaron as resolucións do V Congreso da INTG/CIG. ♦

Á cola do estado en infraestruturas e pensións

En canto aos indicativos económicos que analisou a INTG na ponéncia de acción sindical no seu congreso, e que afectan á Galiza, no Estado o noso país só está por riba de Extremadura na média de produto interior bruto, 37 sobre 47.

As cifras aportadas pola ponéncia de acción sindical demostran a discriminación á que está sometida a Galiza

No importe médio de pensións de xubilación Galiza está á cola do Estado, con 51.400 pesetas. Sen embargo a porcentaxe de axudas que nos correspondeu através dos fundos do FEDER, do 89 ao 91, foi de 73.441,7 millóns, o 9,66%, frente a porcentaxes do 27,03 de Andalucia, o 12,28 de Castela-León ou o 13,47 de Castela-A Mancha.

O Fundo Social Europeu investiu, no período que vai do 86 ao 91 un total de 470.000 millóns de pesetas no Estado, das que a Galiza corresponderon 27.825,2 millóns, un 5,9% do total.

Galiza conseguiu un investimento do 5,37% do total estatal en infraestruturas desde o 87 ao 91, cando a porcentaxe de povoación é do 7,33.

A respeito do balanzo entre importacións e exportacións, é negativo para a Galiza, que só cobre o 63,15% das importacións con exportacións, se ben a maior das partidas, o comércio coa CE, é coberta nun 90,98%. ♦

O REFERENDO EN RÚSIA

Os resultados do referendo celebrado o pasado Domingo na maior parte da Federación Rusa (agás Chechénia) outorgan ao actual Presidente Boris Ieltsin unha significativa marxe de manobra, pero ao mesmo tempo sen o valor cualitativo suficiente para prescindir ou anular a unha oposición firmemente asentada non só no Congreso senón tamén en moitas das vinte Repúblicas que compoñen a Federación rusa. O pronunciamento do Tribunal Constitucional a favor de que para superar as duas primeiras perguntas (confianza no Presidente e respaldo á sua política económica) abondase a maioria simples dos votantes e non a maioria absoluta dos eleitores —*ranking* non superado por Ieltsin na votación— facilitou unha vitória cuantitativamente indiscutíbel, mesmo no aspecto menos previsíbel, o respaldo á sua política económica.

Ieltsin conseguiu descalificar a unha oposición variopinta coa sua identificación coa época burocrática

Os rusos votan en contra do retorno ao pasado

■ XÚLIO RIOS

Como é posíbel que unha sociedade como a rusa maioritariamente reducida á máis estricta das penúrias por unha política económica insensíbel ás máis elementais demandas sociais se autocondene a si mesma de tal xeito? Como explicar que tantos millóns de rusos confien nun Presidente abandeirado non do mercado senón do capitalismo máis selvaxe e que pratica o máis absurdo e bochornoso seguidismo das formas e os contidos (véxase o seu anunciado proxecto de Constitución) do até hai escasos anos inimigo americano ou ocidental prescindindo da própria história e realidade? Estaban realmente tan pouco arraigados, era tan superficial a adesión a certos valores sociais?

A equiparación de oposición e volta ao pasado foi a principal baza político-eleitoral utilizada polo Presidente ruso. O seu trunfo non foi debido á confusión orixinada por unha convocatória realizada a toda a presa. Tampouco é xustificábel exclusivamente polo abusivo control dos principais meios de comunicación ou pola promulgación de tantos decretos como hipotéticos beneficiários da sua causa foren posíbeis, anunciando promesas por outra banda imposíbeis de cumprir. Nen foi obra do anunciado apoio do Grupo dos Sete reunidos en Tóquio.

De pouco valeron as múltiples denúncias da corrupción realizadas polo vicepresidente Rutskoi, eleito canda Ieltsin mediante sufráxio popular en Xuño de 1991 e que en Agosto do mesmo ano desempeñou un papel fundamental para conseguir a desobediéncia do Exército ao Comité de Emerxéncia. Denúncias que estiveron precedidas de numerosas declaracións de importantes altos cargos da Administración presidencial, do entorno do propio Ieltsin, intachábeis no seu "exame" democrático e que alertaban sobre o control mafioso da vida económica, as xeralizadas violacións da legalidade, etc.

VLADIMIR SICHOV

SWERSEY/LIAISON

Iaskulatov e Ieltsin. O segundo conseguiu caricaturizar de comunista reseso ao primeiro, ainda que, na realidade, a oposición a Ieltsin é moi complexa e en moitos casos, non vai máis alá da social-democrácia.

Unha oposición sen programa

O voto opositor a Ieltsin revelouse importante e non é admisíbel a sua minusvaloración. Pero ainda que non son poucos os rusos descontentos co presente unha imensa maioria non desexa a volta ao pasado. E a oposición, pésie a incorporar persoas totalmente alleas ao vello aparato como o próprio R. Jasbulatov e tantas outras que opuxeron unha firme resisténcia aos golpistas de Agosto, non conseguiu nesta ocasión diferenciarse suficientemente dunha asociación machacona e insultantemente repetida con ese pasado rexeitado pola maioria da sociedade.

Heteroxénea e variopinta (agrupa desde neocomunistas a monárquicos pasando polos nacional-patriotas, centristas, etc.), sen un programa claro e definido, fragmentada e desvertebrada, sen unha voz que a lidere e represente dignamente (só na recta final) semellaba que Rutskoi se via forzado a desempeñar ese papel), dificilmente poden inspirar confianza. A falsa equiparación entre oposición e volta ao socialismo burocrático e de cuartel funcionou polarizando sen matices as diferentes opcións. A oposición non estaba preparada para afrontar esta batalla política.

En realidade o referendo non só foi froito dunha accón desesperada de Ieltsin senón tamén da temperamental impaciéncia da maioria dos integrantes do Congreso dos Deputados. Durante a crise aberta polo Presidente ruso ao tentar instaurar a administración presidencial, operación que foi quebrada pola rápida actuación do lexislativo, con Jasbulatov e Zorkin, o Presidente do Tribunal Constitucional á cabeza, estes pactoron con Ieltsin o compromiso de renúnica ao referendo e á convocatória de eleicións presidenciais e lexislativas conxuntamente para o Outono. Mesmo se fixara unha data: o 14 de Novembro. Pero os deputados rexeitaron este acordo e demandaron a votación de demisión do Presidente e do próprio Presidente do Parlamento, Jasbulatov.

O camiño do autoritarismo

A coidadosa táctica seguida polos grupos centristas de esquerda co apoio do Presidente do lexislativo (salvar ao Presidente, culpar dos seus erros ao entorno, remover o governo parcialmente moderando a sua política ultraliberal) sofre cos resultados do referenod un sério revés. É claro que cada quen realizará as interpretacións que mellor conveñan aos seus intereses, pero resulta indubidábel que está máis despexado o camiño ao autoritarismo tan querido por politólogos do entorno presidencial como Andranik Migranian que, inspirado quizá na vella idea da "modernización autoritária" que a comezos de século xa promovera Piotr Stolvpin —de infausta lembranza— aposta pola instauración dun poder forte como garantia para o avance irreversíbel das reformas.

O referendo non calmará as turbulentas augas da política rusa nen desbloqueará por si só a difícil situación actual. Pode mesmo que acrecente e faga irreconciliábel a factura existente no seo da sociedade tal como estima Jasbulatov. O que si resulta evidente é que de insistir o Presidente Ieltsin na imposición pura e simples dos seus proxectos, a perspectiva da desmembración do actual Estado ruso será totalmente inevitábel á vista cos resultados obtidos precisamente nas Repúblicas onde as tensións nacionais son máis activas (Transbaikal Siberiano, norte do Cáucaso, zona do Volga).

O drama actual da sociedade rusa descrebíao Boris Pougachev en *Rossiiskaia Gazeta* da seguinte maneira: "Ainda que a magnitude da crise social exixiria un consenso, este é imposíbel polo profundo calado da mesma". Asi as cousas, de non artellarse solucións democráticas que gocen dun amplo respaldo popular, en Rúsia todas as variantes son posíbeis. Ainda que o noso Occidente democrático só parece estar disposto a apoiar unha delas: a *fujimorización* de Rúsia. Iso si, para "impulsar a reforma".♦

COLECCIÓN DE LINGÜÍSTICA

• A LINGUA DO ALUMNADO E PROFESORADO NAS FRANXAS OCCIDENTAIS DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA
Xosé Rubal Rodríguez; Daniel Veiga Martínez; Neves Arza Arza.

• A REIVINDICACIÓN DA LINGUA GALEGA NO REXURDIMENTO (1840-1891). ESCOLMA DE TEXTOS
Carme Hermida

• O REPERTORIO GALEGO DOS REFRANES O PROVERBIOS EN ROMANCE DO COMENDADOR HERNÁN NÚÑEZ (1555)
Santiago Alfonso López Navia

Novidade

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Rúa do Vilar, 30. 15705 Santiago de Compostela
Teléfonos: 58 80 88 / 58 97 09 • Fax: 58 86 99



Fotografías: ANXO IGLESIAS

António Pérez-Prado

'Os emigrantes déronlle ao mundo unha lección de solidariedade'

■ XAN CARBALLA

Cantos ricos habia entre os galegos de Bós Aires? "Média dúcia" di António Pérez-Prado, médico do Centro Galego durante toda a sua vida. Se en médio millón de emigrantes non houbo máis fortunas foi por seren un continente de honradez e decéncia. "Os armaceneiros, todos galegos, foron a única institución social que funcionou na Arxentina. O galego nunca cortaba o crédito e a libreta estaba na man do cliente", conta Pérez-Prado.

A conversa é coma un rio e o próprio Pérez-Prado, "non me importa que me confundan co rei do mambo", advírteo de contínuo "ti desbasta despois o que falemos porque eu pérdome por mil sítios". Pero ese barroquismo de anécdotas e análises xa nolo deixou nun libro editado no 1973 na Arxentina (*Los gallegos y Buenos Aires*) que circulou restrinxidamente por Galiza, "non o quero reeditar por máis que me insistan, pero ali está o que eu penso sobre a emigración galega e sobre Galiza como nación. Aquel libro era un mísil e só se lanza unha vez. No 73 todos pensábamos que Franco era inmortal e o libro era un xesto desesperado, e inútil, para axudar a derribalo. Xa me entendes".

Porteño e galego

"Miña nai é de Parga e meu pai de Baamonde e leváronme a cristianar a Begonte pero eu nacin na Arxentina". Asi situa a sua xénese de galego, que xa narrou no libro *Galegos: as mans de América*: "Meu pai chega á Arxentina no ano 1910, con quince anos, e miña nai no 1920 con dezaseis. El nunca contou moitas cousas, era moi triste a história, e miña nai sempre se perguntaba como tendo terras deixaran vir a un rapaciño tan novo. A casa da miña nai esfarelouse e deixaron Parga. Cando chegou a Buenos Aires fíxose anarquista da man dos meus tios e coñeceu a Soto o sindicalista da Patagónia. Hai que ter en conta que os galegos sindicábanse axiña; miña nai chegou, metérona nunha fábrica de tabacos e aos seis meses a galeguiña de Parga andaba escapando dos balazos da policia. "Don Paco e Dona Fe, que asi se chamaban, casaron en Xaneiro de 1926 e eu nacin no San Martiño. Cando tiña dous anos leváronme a batizar a Begonte, sendo padriño un irmán de meu pai que emigrara a Camagüey. En Begonte botei oito meses. Daquela eu son moi porteño e moi galego. Aquel tempo na aldea coa aboa, grazas a Deus absoluta e perfeitamente analfabeta, que nunca leu un libro ou un xornal e que recebia información polos cantares de cego, probabelmente marcoume para sempre. Como din os que traballan en psicolingüística, aquel tempo deume o *printing*, as cousas fundamentais. Podes esquecelas pero están ali; se por unha emoción ou un proceso racional chegas a afondar, a ver que hai por baixo das augas superficiais, tes a pegada desa idade. Eu son un galego nacido en Buenos Aires e aqueles sete meses de miniño na aldea marcáronme. Ser dun sítio non ten que ver co sítio onde naces senón coa teta da nai. Eu sempre emprego o exemplo dos xudeus, que sempre din que xudeu é o fillo da xudea, sen importar quen é o pai. A nai pare un fillo, e pódenllo quitar, pero no momento que lle dá a teta, arrólao e cántalle, se é unha nai galega está fabricando un neno ou unha nena galegos".

'Cando nunha comunidade de médio millón de galegos só hai média dúcia de ricos xa está todo dito, non hai mellor homenaxe que se poda facer'.

A língua na emigración

O camiño dos emigrantes galegos durante a emigración ten moitas leituras. No aspecto lingüístico moitos emigrantes viñan dunha forte desgaleguización e chegaban acomplexados. Pérez-Prado, que fala vários idiomas con perfeición, exprésase nun galego exquísito, rico no léxico enxebre da bisbarra dos seus pais, e cun sutaque porteño. "Papá e mamá eran moi galegos pero formaba parte do estilo non falar galego na casa. Miña nai nunca nolo falaba na vida cotiá pero contábanos contos en galego e cantábanos, e ademais nomeaba os obxectos da casa en galego. Eu, por exemplo, á tixola só lle sabia chamar tixola. Pero en canto chegaba un fillo de galegos miña nai transformábase. Eu dicíalle aos meus amigos que dixeran que eran fillos de xaponés. Ela coñecia aos pais dos rapaces e faláballes galego pecho até que o probe tipo retrucaba *Doña Fe no me hable gallego porque en mi casa no lo hablan*, e miña nai, que tiña a Bomba H, dicia "Como?! E en que falan, porque o castelán non o saben". Era terríbel e dicia que un galego, nacido na Galicia, que non

fale galego non fala castelán nunca: anda polo médio, entre o lusco e fusco. Ela connosco sabia que o traballo estaba feito, pero cando chegou a vella e a morrer empezou a falar galego exclusivamente".

Desde a sua experiéncia como neurofisiólogo e con moita xente atendida no hospital do Centro Gallego, na bonaerense rua Belgrano, Pérez-Prado coñece ven o funcionamento das pexas psicolóxicas da diglósia e como rompen no final da vida "observei como xente xa morrendo ou moi vella falaba galego ainda que non o falaran durante moitos anos, porque perdian as inibicións. Falei moito con sócios do Centro Galego, porque non tiña consulta privada e a xente sabia que todo o que facia polos pacientes non tiña máis interese que curalos e gañar o meu soldo. Pero non podia falarlles galego de entrada porque pensaba que me burlaba deles. Tiña, despois dos anos, toda unha técnica que cheguei a dominar perfeitamente, estabelecer e sistematizar, para conseguir que falasen galego comigo, que non podian entrarlles en galego porque, curiosamente, parecíalles que eu lles faltaba ao respeito. A primeira cousa era situalos xeograficamente. Costáballes e empezaban cun *son de España*, e despois de facerlles percorrer pouco menos que o Camiño de Santiago remataban por dicer *Nacin en Galicia, que se lle vai facer!*. Habia que ter moita man e até várias sesións non conseguia que nas consultas se falase en galego"

Galegos en unión

A história de emigración non se pode retratar en branco e negro. A gama de grises é amplísima e a própria autoorganización nos centros, máis de cincocentos, que foron esmorecendo cos anos, ten unha cara caciquil pero tamén de gran solidariedade. "O galego clásico, cando Buenos Aires estaba cheo deles no primeiro tércio do século, trataba de achegarse a un viciño. A meu pai recibiuno un home da sua vila que perdeu o traballo por ir ao porto a esperar ao rapazolo que daquela era papá. Ao dia seguinte estaban os dous buscando traballo no diário *La Prensa*. Conseguiu un traballo: dezaseis horas, dormindo no mostrador e cada quince dias permiso para ir ao prostíbulo que el usaba para escreberlle á sua nai. As pequenas sociedades parroquiais, municipais e outras nacian da necesidade de xuntarse para axudarse e buscar convivéncias. Tiñan nomes de *social, cultural e patriótica* e organizaban as máis das veces merendas en Quilmes [bairro de Buenos Aires]. As sociedades tiñan unhas dúcias de membros e todos estaban nas Comisións Directivas o que lles daba un certo orgullo.

"Despois viña o problema da saude. O Centro Galego estaba funcionando desde o 1907 e como non habia inflación pagábanse uns aos outros a cuota anual. Habia daquela, como digo, dous tipos de asociacións: unha para a reconstrucción do curruncho en Buenos Aires, coa nostálxia gastronómica, folclórica; a outra era o acougo e o amparo do Centro Galego que moi de vagariño acabou por ser algo grandioso. Paradoxicamente os galegos non ia ao Centro Galego. Cando entrei como médico eran 120.000 sócios; estiven nas ambuláncias correspondéndome cada noite unha área na que habia non menos de 80.000 galegos para coidar. Cantas noites durmin coma un leño porque ninguén chamaba! Non podia ser que ninguén tivera unha urxéncia, o que pasaba era que razoaban *Como imos meter en gastos ao Centro Galego?*, e facíanse atender privadamente. Ao Centro só se ia por unha operación ou por ter un lugar no que morrer cando chegou o Panteón".

'Aos caciques do Centro Galego Fraga sérvelles de excusa para esquecer a referéncia republicana'

"Son un home de entusiasmos múltiples e ás veces repróchanmo. Eu pintei, tirei fotos, fixen teatro, cine, escribin... pero hai unha constante coma un roncón, o meu baixo contínuo é Galiza. Cheguei a unha teima tal que me chamaban no Centro Gallego, con pronúncia porteña, "Gallego". Aí está a paradoxa: con tanta xente que traballa ali, a min nun centro de galegos era ao único que chamaban *galego*. Se alguén nun centro galego tiña de alcume "Galego" é que as cousas andaban moi mal, porque quer dicer que se discriminaba. Se iso ocorre nun hospital de xudeus, directamente matábante, pensarias que estabas facendo unha bulra noxenta, que eras nazi.

"O Centro Galego de Buenos Aires chámase realmente *Gallego* e nengun outro centro de nengunha outra comunidade se chama nunha língua que non sexa a deles. Iso é moi importante. No Centro Galego seria impensábel ainda que calquer dia pódenllo poñer porque se trata de facer simulación.

"Hai un galego producto do chumbismo, que é como lle chamo eu ao tempo de Franco, que nunca vai falar galego, nen castelán, e algun deles son xente que eu quero pero están coa mágoa de non ter nacido en Lavapiés. Estou a pensar en moitos dirixentes que tivo o Centro Galego.

"Non sei o que faltou ou sobrou á emigración galega en Arxentina, pero quizais o problema residia na urxéncia de sobrevivir. Os galegos chegan moi desgaleguizados a unha sociedade da que apenas coñecian o idioma. Os intelectuais, agás excepcións como Luis Seoane e en moita menor medida Blanco Amor ou Dieste, apenas se integraron na vida arxentina. Castelao estaba salvagardado coma unha orquídea e apenas se soubo del fóra dun círculo restrinxido de persoas.

'Na miña obra, moi esparexida, hai un roncón sempre soando polo baixo: Galiza'.

A chegada da República polarizou os sentimentos políticos da comunidade, "o sentimento galego vai agromando a medida que se achega a República. Como o Rei era representación do centralismo moitos pensaron ian mudar moitas cousas e Galicia ia ter máis liberdade. Non foi asi e cando chega a guerra civil a colectividade nun 80% tomou partido pola República e os que tiñan máis cartos están por Franco. Foron tres anos facendo a guerra na Avenida de Maio. A traición despois das democrácias, por prgamatismo, nen sequer dá noxo: é simplesmente arrepiante".

Chegou Fraga

Apesar da derrota republicana durante décadas houbo toda unha série de simbolismos que se mantiveron. Moitos anos pasaron até que entrou unha bandeira española no Centro Galego. Pérez Prado analisa a chegada de Franco e o novo referente caciquil para o sector dominante do Centro Galego, "con Fraga poden reflotar a nostálxia que tiñan do franquismo. É a referéncia caciquil, que lles quita a obriga, malquerida, da República. Fraga pode choromicar cunha cousa galega e despois botar un discurso de *ante todo España*. O fenómeno é interesante porque Fraga fai un traballo perfecto para o gando que ten: sabe o que lle gosta comer e como tirarlle os parásitos.

O galego entra porque as institucións galegas funcionan como referente pero segue tendo unha preséncia testemuñal, "a desgaleguización do Centro Galego é total pero xa non se pode ter unha atitude agresiva con xente coma min. Cando me dan a medalla de vintecinco anos no centro, eu falei galego. Era a primeira vez en toda a vida do centro que tal sucedia. Estamos no ano 1987 e dixen "Estamos aqui porque hai algo que se chama Galiza. Galiza é unha nación...". Cando ouviron a verba "nación" case me baixan do cenário. Agora non o farian sendo as cousas iguais que no 87 pero aprenderon outros códigos. Daquela, nen por protocolo me felicitaron".♦

'Ser dun sítio non ten a ver co lugar onde naces senón coa teta da nai'.

'O peronismo escarallou aos galegos decentes que eran máis do 90% dos emigrantes'.

Segunda xeración

A falta de visión ou a própria prioridade de sobrevivir, fixeron que, ao revés doutras comunidades de emigrantes, os galegos apenas souberon trasmitirlle a sua identidade aos fillos. "As pequenas sociedades, cando cae a emigración, múrchanse e os fillos rompen cos pais. En parte porque a educación que receben da escola arxentina sepáraos da cultura de orixe dos seus maiores pero tamén porque os grupos galegos non souberon contrarrestalo. Todas as outras colectividades emigrantes fixérono distinto, agás os italianos, que foron un pocuo coma nós. Os eslovenos teñen escolas e son catro dúcias; os arménios teñen sete complexos escolares e son 50.000, e os galegos non fixeron nengunha. Se non fas escola e xuntas aos rapaces, nun clube ou algunha outra obra social chega un momento que o galego, como me dicia unha vez Anísia Miranda, parece que nace xa con cincuenta anos. Cando os fillos se enfrentan, por imperativo biolóxico case, cos pais, enfréntase tamén coa sua cultura. Os rapaces doutras colectividades viven nos seus clubes e o enfrentamento é xeracional ou de rebeldia pero non se produce coa cultura. Todos os rapaces eslovenos comezan falando primeiro esloveno e despois español, quizais debian facelo ao mesmo tempo porque estaban nun país estranxeiro e non podian ter acento, pero tiñan esa enorme preocupación por non perder a identidade"

Un retrato positivo

Apontámoslle a Pérez-Prado que a imaxe que dá resalta os aspectos máis críticos, "cando un quer moito a unha nación a mágoa ven pola parte negativa e quizais dé unha imaxe distorsionada do meu pensamento. No catálogo da exposición *Galiza-América* eu escribo a parte máis dura, pero despois de dicer todo iso, se me perguntan cal foi a colectividade que mellor se comportou, e que mellor lle conviña a Arxentina, sen dúbida digo que a galega.

"A imaxe negativa é mirando por un buratiño. Pero cantos ricos habia entre os galegos? Média dúcia. Cando unha comunidade de centos de milleiros de persoas só hai média dúcia de ricos xa está todo dito, non hai mellor homenaxe que se poda facer. Cantos probes? moi pouquiños. Iso é o grande. Axudáronse entre si e só chegaron a ricos uns poucos. Despois co peronismo houbo alguns máis e agora hai cousas tremendas, de tipos perfeitamente antigalegos, pero mesmo asi seguen sendo poucos. Nada comparábel cos arménios con sete complexos e unha chea deles riquísimos; e é difícil ser tan rico e ser bon e xeneroso.

"Faltábanos aos galegos capacidade para ser ricos? non, nen tampouco a cultura era decisiva, tamén non a tiñan xudeus, arménios ou outros emigrantes. Inculcáronos na casa un conceito da honestidade e decéncia rigurosísimo. Unha vez, de cativo, déronme na tenda dez céntimos de máis no troco; para amosar a miña decéncia e presumir dela leveillos a meu pai perguntando se tiña que devolvelos. Disgustouse moito: *Como é que tes que vir a min a perguntalo?*, e eu queria simplesmente ostentar da miña honradez. Esa forma de ser foi a que nos forxou.

"O peronismo escarallou aos galegos decentes que eran máis do 90% dos emigrantes. E non digo isto para esluir o anterior. Nengunha comunidade deu tanto á Arxentina como a galega. Os almaceneiros, que eran todos galegos, foi a única institución social que funcionou na Arxentina. A libreta estaba na man do cliente, e ali anotaba o sucre, a erba mate ou calquer cousa, e o documento non lle quedaba ao galego do almacén senón ao debedor, algo perfeitamente increíbel. O galego nunca cortaba o crédito, mesmo se o debedor quedaba sen traballo. Esa institución de crédito popular era intocábel durante moitos anos. Agora o monopólio é dos coreanos, e se non hai cartos non hai compra.

"O pai dun meu amigo catalán dixo algo tremendo: *Se non fose polos galegos, que lles fiaron coas libretas, os arxentinos terian morto de fame. E se non fose polos italianos, morrerian enterrados pola merda*, porque os italiáns eran os que limpaban".♦

A ALDEA GLOBAL

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis (Felipe González)

Racionalizar a RTVG foi a primeira declaración programática de Manuel Fraga. Logo vendeu os pedazos de tarta a produtoras privadas (que son pagadas con cartos públicos mentres as cámaras e o persoal da TVG descansan nos corredores de San Marcos). Agora o presidente fala de **privatizar todo**. Xa o dixeron: PP, propriedade privada.

En 1976 Raimon programou tres recitais en Madrid. A censura autorizou todas as letras. A primeira das actuacións foi lembrada estes dias. Algunhas das figuras da oposición, de González a Camacho, ocupaban as ringleiras iniciais do pátio. Os dous concertos seguintes **proibiunos** Fraga, Ministro da Governación daquela: "porque non se pode permitir que un recital

Chamamento á responsabilidade do profesorado

Nos últimos días, ven de distribuirse un folleto publicado pola Concelleria de Educación do Concello de Vigo titulado *Escola Pública. Información para o proceso de matriculación nos colexios públicos.*

Como colectivo preocupado pola educación no noso Concello, despois dunha atenta leitura, queremos deixar constancia do noso *estupor*. Non existe praticamente nengun centro no que se asegure o ensino en galego. O galego aparece —cando aparece— como segunda língua, apéndice e complemento da realmente importante, o castellano, que é a *língua de ensino*.

Non existe praticamente nengun centro no que se asegure o ensino en galego.

Ben é certo que a lexislación vixente é insuficiente para solucionar a situación do galego no noso país, pero tamén o é que no caso que nos ocupa a actuación dos colectivos docentes nen sequer a aproveita. Vexamos: se a LOXSE fala de contextualización, da formación de persoas críticas e responsábeis, dunha escola relacionada co entorno, como se pode dicer? *Lingua de ensino: castellano. Língua do entorno: galego* (A que lexislación obedece tal atitude?)

Facemos un chamamento á reflexión e á responsabilidade do profesorado para que adopte medidas tendentes a mudar a situación descrita. Non pedimos milagres; somos conscientes da complexidade do problema e das suas implicacións para a comunidade educativa, pero, entre o panorama descrito e outro ideal, está cando menos o respeito polas *minorias* galego-falantes, que nengunha lei impede. Está tamém a revalorización da língua e da cultura e do noso país que dificilmente se vai fomentar no alunado desta maneira.

A elaboración do PEC e do PCC, nos centros educativos, pode ser unha boa via para avanzar.♦

MARGARITA PÉREZ FROIZ
(CEFOCOP-VIGO)

GONZALO

Os cursos de galego no Bierzo

Ante a noticia sobre o curso de Especialidade de Língua Galega no Bierzo, publicada na revista, o día 18 de Febreiro de 1993, a Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo (M.D.G.B.) debe facer as seguintes aclaracións:

— Os contidos do Curso negociáronse directamente entre a Mesa e a Dirección Xeral de Política Lingüística, coa aprobación do Ministério de Educación e Ciéncia através da sua Dirección Provincial de León e o Centro de Profesores de Ponferrada. (D.O.G. 19/93).

— A Xunta de Castela e León non tivo nada a ver en este Curso dado que ainda non ten competéncia en materia de educación.

— As clases de Língua e Literatura Galegas déronse integramente en lingua galega.

— As clases de Língua e Literatura Galegas ocupan, segundo a normativa da Dirección Xeral de Política Lingüística, cen horas de traballo, supondo máis do cincuenta pro cento do total de horas presenciais.

— As clases de História, Xeografia e Língua e Literatura Bercianas impártense neste momento por especialistas con orixe berciana, algun deles galegofalante. Tamos intentando transmitir o profesorado asistente as raíces da cultura berciana, o ser distinto dos homes e as mulleres que viven no Bierzo, dunha forma rigorosa, séria e fundamentada.

— Nengun dos alunos ou alunas do Curso fixo denúncia nengunha sobre o profesorado.

— Participan nel dezaseis persoas, e non médio centro como no seu artigo se di.

Movémonos nun terreo delicado e os obxectivos a conseguir ainda son a longo prazo.

Sr. Director, a Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo, o Ministério de Educación e a Dirección Xeral de Política Lingüística, poderíamos, sen dificuldade, impartir este Curso na sua totalidade ne língua galega, pero deixaríamos fora a persoas valiosas para o noso proxecto. Movémonos nun terreo delicado e os obxectivos a conseguir (a dignificación, consolidación, potenciación, o uso en definitiva da língua galega naquelas zonas do Bierzo en que constituia a forma autóctona de comunicación), ainda son a longo prazo. Necesitamos de todas as axudas, de todos os que desde O Bierzo, desde a Galiza, ou desde calquer lugar en que se atopen, loitan cada dia por manter e potenciar o noso ser diferenciado.

Ante as notícias transmitidas polo periodista, gostaríanos recordar unha cita extráida de "Sempre en Galiza" do noso "padre", tamén en moitos aspectos para nós, Castelao:

"Lémbrome d-algúns galegos que viven para o seu bandullo, porque son ben asisados e non sofren as inquedanzas dos demáis. Parez que teñen o pesimismo dos vellos e ainda non se aventuraron en ningunha empresa. Parez que teñen o escepticismo dos que están de volta e ainda non se arriscaron a viaxar. Parez que son donos da verdade e ainda non pasaron fames nin sedes. Parez que trunfaron en algunha loita terrible, decisiva, e non fixeron máis que fuxir diante dos perigos. Parez que merecen o que gañan e non saben decatarse da sorte que os empurrou. Parez que están capacitados para regalaren consellos e coas súas sentencias egoistas acabaríase o mundo. Son comenenciudos, traballan con proveito e non conciben máis ideal que o de vivir con desafogo e sen doores no estómago'.♦

NICANOR ÁLVAREZ
(PRESIDENTE DA MESA PRA DEFENSA DO GALEGO DO BIERZO)

FE DE ERROS

No número 566 publicábase na páxina 21 unha fotografia de Xúlio Valcárcel indicándose equivocadamente que pertencia a Xesus Manuel Valcárcel♦

A vangarda británica

Chégannos ás veces novas de interese que sintomaticamente non receben destaque na mal chamada "prensa nacional". Dous exemplos recentes veñen do Reino Unido, vexámolos: O primeiro é a desfeita do Governo Británico na Cámara dos Comuns por 314 a 292 votos sobre a ratificación do tratado de Maastricht. A desfeita foi en grande parte o resultado da rebelión dos deputados representantes das nacionalidades "periféricas" que votaron a emenda laborista rexeitando que os "representantes" do chamado *Comité das Rexións* fose nomeado *a dedo* polo Consello "a proposta dos Estados" (Art. 198A do Tratado).

A desfeita foi o resultado da rebelión dos deputados das nacionalidades "periféricas".

Recordemos que o profesor Pérez Oya criticara hai tempo, neste mesmo xornal, o Tratado por esta e outras razóns. Perguntámonos chegado este ponto a quen nomearia D. Felipe como representante da "Rexión". A D. Manuel Fraga, a Sánchez Presedo, a Cuiña, a García Sabell ou ao Leri? Os partidos albiónicos rexeitan a dedocrácia mesmo para pertencer a un Comité puramente decorativo. No noso Estado das Autonomias poucas voces protestaron por ese aspecto dedocrático.

Segunda nova do Reino Unido: Éxitos de política económica monetarista da Dona de Ferro (a quen tanto admira o noso xefe do governo). O número de persoas que se atopaban por debaixo do nível da pobreza no Reino Unido no ano 1979 chegaba a 5 millóns, no ano 1988 este número acada 11,8 millóns, ou sexa o 22% da povoación, segundo estatísticas oficiais tomadas de *Social Trends 1992* publicadas polo *Servizo de Publicacións da Sua Maxestade* (HMSO). Temos que recoñecer e agradecer ao Apóstolo ou a quen sexa que Boyer e Solchaga ainda non o fixeron tan ben.♦

D.F.V. (VIGO)

Vitorinadas

Máis das que debeu oír ou ler Camilo Nogueira estes días non llas hei dicir eu. El saberá por que o fixo, por que arrisca o proxecto interclasista tan preparado, tan anunciado e elaborado, por que deixa move-lo fiel da balanza contra o prato de Es-

querda Unida. Razóns electorais. Parece que a apetencia, o estado de privación dalgún pedazo da famosa *tarta* non para de condicionar, de fana-los proxectos dos nacionalistas, esa xente que inda nunca tocamos poder neste país. Pero eu, persoalmente, non esperaba tal cousa nin del nin deles.

Os sucesivos proxectos políticos de Camilo Nogueira, desde despois das eleccións do 77, nunca chegaron a acadar peso nin incidencia decisiva de seu. Aínda nos seus mellores momentos (tres deputados no Parlamento), que eran os peores do Bloque (Beiras só), a *fronte*, mutilada a escisións, corroída de imaxe, minguada de votos, conservaba a *aura* referencial, e o PSG-EG seguía a ser un pequeno grupo de *especialistas*, técnicos eficientes, bos parlamentarios, honrados políticos sen *carisma*. Nos tempos menos bos, e nos peores, o PSG-EG ofrecía coalicións, converxencias, e anunciaban afinidades. Non sei eu ben se nestas últimas pesarían máis cuestións programáticas ou as propias afinidades respectivas de persoas ou de grupos de dentro do partido. O Bloque, aludido ou elidido, sempre estivo aí, reclamado ou rexeitado. E tamén o PCG, primeiro, e despois EU.

Demostran que non queren facer unha travesía do deserto.

Desde o ano 92, parecía que o grupo de Camilo Nogueira ía deixa-lo estado permanente de metamorfose e de constitución. Parecía a converxencia definitiva, ou para ben tempo, e a operación ideolóxica, malia os detractores, se cadra precisamente por e, en todo caso, á marxe deles, era tan arriscada como interesante, neste tempo de cambios *copernicanos* e neste país de vontades enquistadas e excluíntes. Cambio, humanismo e progreso, dicían, e unha forza galega. Chegan as primeiras eleccións, e velaí: listas con EU, *galeguistas* descolgados e, de saír, integración dos deputados no grupo parlamentario de *Izquierda Unida*. ¿Como han explicar agora por que dixen o que dixen e que o que dicía daquela sigo dicíndoo malia agora dici-lo que digo?

Sempre estamos igual. Coalición Galega debeu morrer de entre un pouco de éxito, a parte de mala sorte e unha enchenta de mediocridade. O Bloque quere que todos pasen pola pedra ou que se metan baixo do manto, igual che me ten. Camilo, o *íntegro*, o *coherente*, o honrado e incorruptible, sae con isto. A candidatura ás Cortes non é *interclasista*. Tampouco é galeguista, chámenlle como lle chamen. *A voz galega nas Cortes* non a ía haber, está claro; ¿había deixar Anguita que Camilo falase á parte nos debates *del estado de la nación*? Total, hache se-lo mesmo.

E.U. gaña

¿Que máis quería *Esquerda Unida*? A mesma Esquerda Unida que criticaba ó voto ó Bloque porque non era de esquerda, a mesma que integra a *Plataforma Progresista Universitaria* sempre a buscarlla a Villares, a mesma que en CC.OO. hoxe a man maña a patada ó sindicalismo nacionalista. ¿Que eran eles en Galicia? Alomenos, agora terán máis peso ante Madrid. Ó mellor ata collen algo de *cachet* galeguista, boa falta lles facía, pero dubídocho ben. Pode que soñen, literalmente, coa *Iniciativa por Galicia*, pero eu tamén quero dubidalo. Non vexo a Camilo Nogueira no grupo de *Izquierda Unida*, nin a moitos de Esquerda Galega no grupo de Ánxel Guerreiro e dos de CC.OO.

Outros perden

E a súa parte de culpa a quen a ten. O BNG non quixo unha coalición nacionalista. Segundo un dirixente de Lugo, eles representan o 99% do nacionalismo galego. Segundo outros, sóbralles co que teñen para estar nas cortes españolas. A cabeza de lista da Coruña seica dixo, ousaría dicir, que eles sempre quixeran a coalición, pero que "xa non hai tempo". Nin palabras de comentario. As consecuencias, velaí. Ó mellor hai quen pensa que "mellor; as cousas clarifícanse". Algún seica pasa a vida a clarificar. O malo é se ó final se perde a substancia.

¿Cansou o corredor de fondo?

Unidade Galega tíñao difícil nas eleccións que veñen. Non había moitas espectativas de obteren representación eles sós. É duro. Pero tamén podían presentarse ante a sociedade. Sempre se dixo que *Camilo* (o referente colectivo) era honesto, coherente, que resistía ben a soedade. Agora demostran que non queren facer unha travesía do deserto que non tiña por que ser tan longa. E rompen o consenso cos *independentes* e cos *galeguistas*, rompen a mensaxe da súa oferta política en troques dunha hipotética incidencia electoral. Algo parecido fixo Victorino Núñez.

Os do PSG-EG non romperon Unidade Galega nin creo que o fagan. Se cadra xa non lles cómpre. Non creo tampouco que se metan en I.U., pero, como se están a poñe-las cousas, igual se lles impón como saída unha *Iniciativa por Galicia* ou chámenlle como queiran. Os do PCG e EU, xa saben, encantados. Algún do PSG-EG, se cadra, tamén. Quero esperar que non pase iso. Podo entender algunhas reaccións en estados de carencia, o medo da avitaminose. Pero non quero ver a Camilo Nogueira facendo vitorinadas.♦

XOSÉ M. GONZALEZ
(LUGO)

UN MILLÓN DE MARXINAIS !

NANINA SANTOS

A teimosa firmeza dos defensores da orde sexual "normal" e/ou "natural" ha estar enfraquecendo coa caída xeral de valores que ameazan as sociedades coñecidas neste fin de milénio. Dígoo porque un millón de persoas a se manifestar en USA-Washington impresiona a calquer, maximamente nun tempo onde este xeito de comunicar é considerado antigalla. Mais ainda, que esas moreas de homes e mulleres digan con verdadeiro orgullo: "Eu son gai", "Eu son lésbica" e demanden os direitos civis que lexislacións chamadas democráticas lles tiran, lles proiben. Néganlles recoñecimento legal das parellas homosexuais e lésbicas (con idénticos direitos que as parellas homosexuais: pensións, vivenda, maternidade-paternidade, adopción, herdanzas...); levantamento da proibición gai no exército e medro do orzamento para investigación da SIDA.

A antiquísima proclamación de "todas as persoas somos libres e iguais" segue sendo tan mentira (e por tantas razóns mentira) que obriga a demandar o elemental direito de existir, de viver, de respirar, de follar, de bicar, de desexar, de amar, de formar famílias... con quen queiras, cando queiras e como queiras. En USA e en Zámbia. No Xapón, Perú, Índia, Letónia, Moldávia, Tunicia ou España.

Constatar esta vitalidade nun país sempre vilipendidado e inxustamente igualado ao Pentágono, á CIA, á DEA, ás tendéncias mais reaccionárias do planeta, a min, alégrame.♦

Discrepo con X.G.G.

Hai tempo que son asídua leitora deste semanário e préstolle especial atención ás seccións dedicadas a arte e cultura en xeral. Deste apartado chámame a atención as consideracións do crítico literário X.G.G. que sigo todas as semanas e co que a de música se utilice con fins políticos".

Un carregamento de haxix foi incautado en Cádiz. As informacións distribuídas por axéncia insistiron en que a mercancia ia dirixida ás **máfias galegas**. O plano dos *narcos* era, segundo as mesmas fontes, transportar a mercancia en camión até Galiza, coma se esta fose o centro xeográfico desde o cal se espalla a droga. Coma se na Galiza estiver o cerne mundial da hampa e do negócio ilegal. Non abondaba coa fama dos desembarcos de droga próprios que hai que apandar cos dos andaluces.

Os viciños de Pontecesures terán a mesma guia telefónica que os de Padrón. A Compañia telefónica acertou na boa idea de abolir a división **provincial** a partir deste ano.

Ieltsin probabelmente non le o *Financial Times*, senón de seguro que habia de tremer ao se inteirar de que o Banco Europeu para a Reconstrución e Desenrolo dos países ex comunistas, que dirixe o rutilante intelectual frances Jacques Attali, gastou

Corchos ALMEIDA
Fábrica de tapóns de corcho e dos seus derivados
Telf: (988) 47 19 10 Fax: (988) 47 18 16
32417 - VENTOSELA Ribadavia (Ourense)

radio FENE
emisora municipal 105 MHz·FM
Radio Fene
Casa do Concello
15500 Fene (A Coruña)
Tlf. (981) 34 25 15 - 34 25 81
34 24 11 - 34 30 56
Telefax (981) 34 27 51

A ALDEA GLOBAL

9.900 millóns de pesetas en redecorar a sua sede central, un moderno edifício de aluguer na City de Londres. Attali considerou necesário cambiar o mármore normal por mármore de **Carrara**. Os directivos do BERD tamén gastaron 10 millóns de pesetas nunha festa de Nadal e 110 millóns en alugar vários avións privados. Os investimentos do Banco non chegaron a dobrar os gastos en mármore e quedáronse en 18.000 millóns de pesetas.

Discos dedicados. *Vente pa Madrid* tema do disco "Songhai" do grupo Ketama. *Vente pa Madrid que aqui está lo mejó*, di a letra. Toda unha **mensaxe** eleitoral.

Os estudantes de xornalismo farán as práticas este verán, non somente en xornais e emisoras, senón tamén nos **gabinetes** de prensa da Xunta que é tanto como preparar as oposicións a inspector da Facenda na xeréncia de Filesa. ♦

♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦♦

maioria das veces non coincido e non só por cuestións de gostos senón porque os enfoques que fai, parécenme, ás veces, alleos á obra comentada e mais referidos a aspectos tanxenciais como conceicións dos autores, traxectória literária, etc.

Traio estas consideracións ante os comentários dos últimos libros e vou referirme aqui ao da semana pasada do 15 de Abril, porque acabo de ler o libro por el comentado, "Monólogo do Espello", de Lois Diéguez. Pola crítica que fai deste libro podemos quedar coa idea de que é unha obra menor deste autor e que alguns relatos pecan de pretenciosos e artificiosos, dentro doutras consideracións feitas por X.G.G. Cada quen pode ter a sua opinión, eu, que son unha leitora habitual da literatura galega, sen coñecimentos específicos literários, *discrepo totalmente*. O libro pode gostar ou non. Uns relatos poden ter maior calidade que os outros, pero no que non podo coincidir é en que sexan artificiosos e difusos. ao contrário, son relatos profundos, non de leitura fácil e que abordan con tenrura a realidade do mundo dos sentimentos, que abarcan a vida cotiá na que nos movemos as xentes normais, ambientes reais e ás veces tristes, que mostran aspectos pouco vistosos como son o mundo dos vellos, da insolidariedade, soidade das mulleres... Tipos e ambientes que nos últimos tempos a literatura actual non trata porque hoxe en dia vaise á superficialidade, a narrativa fácil e de moda e faise novela negra chabacana, erotismo barato, xornalismo sensacionalista, que é o que vende.

Non podo coincidir en que sexan artificiosos e difusos.

Os relatos "Monólogos do Espello", de Lois Diéguez son un sério exercício de introspección intimista que chega a sectores amplos e esquecidos e eu agradézolle que toque estes temas que axudan aos leitores/as, a tomar conciéncia do que somos e no mundo no que nos atopamos. ♦

ANTIA MIXOS
(LUGO)

Vostede decide

Quando vi os anúncios da nova emissão ((Vostede Decide)) (no Brasil e em Portugal: Você Decide) da TVG me quedei com grande esperança. Será que vão estrear esta séria na versão original brasileira?—pensei. Fiquei mesmo mui interessado por sabê-lo pois todos os espectadores galegos iam notar que também os Brasileiros falam Galego. Têm uma pronúncia bastante alheia da galega pero isso não é obstáculo senão a riqueza da língua.

Uns dias depois, vi a mostra ou ((spot)) como se costuma dizer. Foi numa versão "traduzida" ou melhor dito "alterada" pois não se pode traduzir o Galego para o Galego. Imaginem se traduzissem o Venezuelano para o Espanhol! Pelo menos podeiram mostrar a versão original com subtítulos para nós "aclimatizarmos" à fala dos Brasileiros.

Finalmente, chegou o dia da Estreia. O presentador falou um Galego bastante culto. Dou-lhe os parabéns! O nível do "Galego alterado" também foi mui elevado. Seria por causa do modelo ser em Galego-brasileiro. Pelo menos esta emissão chegou a ter um mínimo de nível lingüístico. Outra vez sinto-me obrigado a dar os parabéns aos "alteradores" da obra. Foi a melhor cousa que vi na TVG.

Mesmo que a obra tenha sido um espectáculo para mim, fico com ressentimento. Quando é que a TVG vai julgar-nos capazes de entender o Galego mesmo que seja dum outro país? Somos seres inteligentes ou não? ♦

J. GONZALEZ
(A CORUNHA)

AVISO
AOS SUBSCRITORES

A normativa legal actual estabelece que os periódicos son *correspondéncia prioritária*. Pregamos a aqueles suscriptores que sofran retrasos na recepción do seu exemplar efectuen a correspondente reclamación na sua oficina de Correos, onde existen impresos para este caso. ♦

Quiroga Palacios: máis Príncipe que Pontífice, máis Xuíz que Pai

No ano 63, despois da representación da obra de teatro "¿Conoce Vd. la Vía Láctea?", no forum que lle seguiu, don Luciano Méndez Palleiro —home profundo e sensíbel— manifestou que tiña visto chorar a moitos cregos baixando as escaleiras do Pazo Arcebispal. Nunca pensei que, anos máis tarde, a alguns nos ia pasar o mesmo.

Ven isto a conto dos últimos artigos dos señores Chao Rego e Ferro Ruibal, nos que se dá unha visión mitificadora de Quiroga Palacios, como home dialogante, co espírito do Vaticano II, aberto, galeguista, etc.

Os feitos concretos, case sempre, son paradigmáticos e ademais, reflecten o espírito, a cultura e os valores do protagonista. Por isto vou expor alguns dos que fun testemuña, ainda que, ao mellor, non lle benefície a Quiroga para a beatificación que se está a propor.

O primeiro recordo que teño de Quiroga é de cando eu era moi neno e lle fun bicar o anel, con ocasión dunha visita de tipo pastoral. Despois téñoo visto e escoitado na Catedral e no Seminário. Ao Seminário, por certo, durante 12 anos, foi moi pouquiñas veces, pero sempre nos falaba co seu inesquecíbel "Mis queridos hijos".

(Éme imposíbel non recordar, por contraste, que, tendo 13 anos de idade, pasei dous cursos no Seminário de Vic (Catalunya) —aquilo era outro mundo!—, e o bispo Masnou chamábanos ao seu despacho para falar individualmente con cada un. Lémbrome de cando se preocupou por unhas manchas brancas, pequerrechiñas, que me sairan nas unllas).

En Compostela tamén era norma que, cando Quiroga volvia do Cónclave, da visita "Ad Limina", etc., os seminaristas saísemos uniformados á Praza da Imaculada, para recebelo con aplausos cando baixar do Mercedes negro.

Lembroo como un home distante que rezumaba máis respeito/temor que amor.

Resumiria a impresión e o conceito que me quedou do Cardeal Quiroga dicendo que o lembro como un home distante, ás veces duro, hierático, que rezumaba máis respeito/temor que amor.

Indo un pouco máis polo miúdo: o 8 de Setembro de 1966, e no Pazo Arcebispal, Quiroga Palacios comunícame que son sancionado, con cámbio de destino, porque: ía ás tabernas cos fregueses, sentárame en *clerman* no confisionário e, inclusive, tiña ido ao cinema. Dime que, por ser natural de porto de mar (O porto de mar máis próximo á miña aldea está a 25 quilómetros), iria destinado a outro, pero que ainda non estaba decidido cal seria. (O nomeamento xa estaba asinado desde facia días).

Ano 1967. Asemblea Xeral da HOAC, no Seminário de Belvis, coa asisténcia de Quiroga á clausura. Diante das reivindicacións que aqueles traballadores, comprometidos coa sua clase e coa sua fe, lle facian para atopar un pouco máis de axuda e compromiso por parte da Xerarquia, o Príncipe da Igrexa tivo o xesto, insultante, de meter a man direita no bolso, sacar o BOA (*Boletín Oficial de la Archidiócesis*) e ler un decreto, ou instrución, sobre a organización *Cáritas*; engadindo que iso era unha demostración de como a Xerarquia se estaba a preocupar polo mundo do traballo.

En 1970, visitamos o os presidentes das XOC/XOCF estatais e galegas. Eu ia coma Consiliário das galegas. A primeira intervención sua foi para berrarme por ir vestido de paisano, afirmando que estaba "permitido" o *clerman*, non roupa de "seglar", pero que cos fieis "máis adictos a la Iglesia" non era necesario o *clerman* e debía vestirse de sotana. Do que non se decatou foi de que o meu pantalón estaba rachado e, ademais, era o único que tiña. Ó resto da conversa? Palabras, palabras, palabras...

Ano 1970. Os cregos sociólogos, que dirixiran o famoso inquérito feito a todos os curas do Estado, entréganlle os resultados do mesmo. Quiroga dílles: "¡Cómo se nota que la encuesta fue realizada por curas jóvenes!".

Non nego outros feitos de Quiroga Palacios. Por exemplo, ter sido moi "edificante": Casa de Exercícios, Casa Sacerdotal, Seminário de Belvis, arranxo do Seminário Maior..., mais o espírito do Vaticano II... permitiuno e/ou suportuno. Non máis.

Tiña percha para Hollywood, di o señor Ferro. Mellor un produto galego de calidade: "O Divino Sainete", pero coa Santa Compaña dalguns dos seus colaboradores e asesores que eran coñecidos, en todas as sacristías, polos alcumes de: A Cabra, O Villano, A Toupeira, Don Camulo...

Unha última constatación, para rematar esta escolma. Nunca lle escoitei, nen en público nen en privado, unha só palabra en galego. *Nunca.* ♦

XOSÉ Mª BAAMONDE CANLE
(VIGO)



O galego recebe un aval máis político que prático do Parlamento europeu

Entidades como a Universidade de Santiago e a *Mesa* pola Normalización Lingüística foron as promotoras

■ X.C.

A resolución de fins de Marzo da comisión de peticións do Parlamento, iguala ao galego co catalán e supón fundamentalmente unha arma política que non soubo recoller o Parlamento galego. A prática de dous anos do catalán recoñecido, segundo Elisabet Moragas asesora do *Patronat Catalá per Europa* ten sobretodo unha compoñente simbólica.

O recoñecemento do galego polo Parlamento Europeu é un importante aval para a normalización lingüística. ANXO IGLESIAS

A oficilización das línguas minorizadas —que non minoritárias por número de falantes— está limitada na Comunidade europea. Mesmo en Portugal se ten chamado a atención sobre alguns informes internos que queren deixar nun primeiro rango de oficialidade e de uso comun só a catro línguas. O certo que a declaración do Parlamento Europeu de 11 de Decembro de 1990, pola que se recoñecia a necesidade de atender a realidade lingüística do catalán, serviu para que desde o noso país se tivesen levado adiante várias iniciativas para acadar a mesma consideración.

Izquierda Unida, atraveso dos seus deputados en Estrasburgo, a *Mesa*, a Universidade de Compostela ou a AGAL foron os mais interesados en conseguir este recoñecimento fornecendo á Comisión de Peticións do Parlamento de Estrasburgo, os razonamentos e distintos apoios para conquerir a declaración. A cámara lexislativa galega tamén debateu a cuestión pero non foi quen de apresentar a iniciativa como própria, en contraste coa posición catalana, que ainda recentemente (ver nº 566 de *A Nosa Terra*) conseguiu unha ampliación dos usos despois dunha entrevista do presidente do Parlament co seu homólogo europeu.

Desde Galiza a discrepáncia partiu da Associaçâo de Amizade Galiza-Portugal, que no seu boletin *Hifen* logo de afirmar que "o odioma de Galiza, sob o nome de portugués, ja é oficial na Europa", critica ás entidades peticionárias que "en vez de usufruirem para a *língua própria* a oficialidade do portugués na Unión Europeia, reclamavam da *Comissâo* justo o contrário (...) o que essas entidades nâo buscariam explicitamente, mas conseguiram, é *legitimar* à Xunta o seu *instinto básico* por reprimir aos galegófonos que procuram grafar correctamente o galego".

O exemplo do catalán

Para alén desta crítica dun sector reintegracionista, a única referéncia do funcionamento práctico da resolución que temos son os dous anos do catalán. Actualmente non hai nengun organismo específico que centralice estas relacións lingüísticas. Segundo Elisabet Moragas, asesora xurídica do *Patronat Catalá per Europa*, o conseguido é fundamentalmente un aval político "non hai nada práctico, pero mercé á resolución conseguimos introducir o catalán en programas comunitários como o "Língua" ou o "Média", e que sexa norma que distintos órganos da administración autonómica traduzan ao catalán desde o Tratado de Maastricht a distintas disposición comunitárias". Non supuxo a criación de nengun órgano específico pero serviu para presionar máis sobre os diferentes organismos para utlizar o catalán.

Na resolución do 90, que na práctica é a mesma para o galego, o Parlamento Europeu pedia ao Consello de Europa a publicación en catalán [agora tamén en galego] dos Tratados e textos fundamentais das Comunidades; a difusión en catalán da información pública relativa ás institucións europeas por todos os meios de comunicación; a inclusión do catalán nos programas elaborados pola Comisión para a aprendizaxe e o aperfeizoamento das línguas europeas e o emprego do catalán nas relacións orais e escritas co públicos na(s) oficina(s) da Comisión das Comunidades Europeas en Galiza". ♦

AS INIBICIÓNS DO GOVERNO

Xan Carballa

A actuación do governo galego e dos parlamentários europeus de PP e PSOE, en todo o referente á língua, son todo un poema. Nen a preséncia como eurodeputado dun ex-presidente da Xunta (Fernández Albor), nen a preséncia dalgun que outro galego na lista única do Estado, nen sequer a inclusión de galegos en candidaturas comuns con outras nacións, foron quen de protagonizar politicamente o recoñecimento do idioma polo Parlamento europeu. No terreo político foi un deputado catalán de *Iniciativa per Catalunya* e no de base distintas institucións non directamente políticas e organizacións de normalización lingüística de base. O Parlamento galego debateu pero non protagonizou en nengun momento, nen se fixo presente en Estrasburgo.

Hai un precedente da inibición guvernamental: a elaboración da Carta Europea das Línguas. Na altura do seu debate ainda non se aprobara o Tratado de Maastricht e cabia a posibilidade de que nel se incluise un apartado de cultura e educación. O protagonismo europeu de Fraga non pasou de abrir unha oficina en Bruxelas e armar o batifúndio da ARE, grácias ao que descubriu, na própria casa que non contaba con avais políticos precisamente porque non lle recoñecian traxectória democrática.

Desde 1988 os governos galegos, e por suposto os gabinetes de Fraga, tiñan coñecimento de que un Comité de Expertos estaba a elaborar a Carta das Línguas. Foi convidado a asistir pero nunca o fixo. Daquela a *Mesa* fixo denúncia pública "hai que pensar seriamente que este governo non está disposto a dar pasos adiante senón que pretende isolar a Galiza dos lugares de debate lingüístico. Neste caso Galiza, dentro da escasa experiéncia en normalización, seguramente tivese moito a dicer nun foro ao que acoden expertos da Europa comunitária".

Nen a preséncia dun ex-presidente da Xunta e doutros deputados galegos axudou ao recoñecimento do galego en Estrasburgo

Desta volta a cousa tampouco parece que vaia con eles. ♦

Iacobus magnus, a recriación lírica de *Milladoiro* sobre o Camiño

O novo proxecto poderia ser unha interpretación sinfónica do seu repertório tradicional

■ VITOR MIGUEZ

A suite sinfónica Iacobus Magnus, recriación lírico-musical do Camiño de Santiago e último traballo do grupo *Milladoiro*, xa ten entidade pública logo de ser apresentada no Auditório da Galiza en Santiago o pasado Venres, 23 de Abril. Esta criación, que mistura o *folk* coa música de cámara, constitue o avanzo de vindeiros contactos co mundo clásico por parte dos membros de Milladoiro.

Iacobus Magnus constitue un fito na traxectória histórica da nosa música. Consistente nunha suite orquestral en sete movimentos coa produción, arranxos, orquestración e dirección de Milladoiro, esta obra completa a sua composición coa participación dunha orquestra de cámara que enriquece as tradicionais aportacións de flautas, gaita ou harpa con oito violins, catro violas, tres violonchelos, catro contrabaixos e un timbal. Esta participación dun grupo de música de cámara é a principal novidade que apresenta o novo traballo dos Milladoiro e neste senso introduce dunha forma definitiva unha cuña do mundo *folk* galego na música clásica, o cal marca un ponto e coma nas actuais tendéncias da nosa música.

A obra é unha recriación musical do Camiño de Santiago e foi encarregada polo Consórcio da cidade con motivo da celebración do Compostela 93. Os sete movimentos de que se compón (Pórtico; Un longo camiño; Onde vai aquel romeiro?; Per loca maritima; No primeiro milladoiro; A noite estrelecida; No cabo da viaxe) segundo os membros do grupo tentan reflectir unha "viaxe musical, unha metáfora granítica que agacha o segredo da Galiza". Neste senso unha das suas principais aspiracións non foi outra que harmonizar a inspiración que produce o camiño de Santiago coa que desprende a eséncia do noso país, obxectivo no que se ven traballando desde hai case que un ano en que a suite se comezou.

Orquestra e son tradicional

Un dos retos que tamén suscitan estes sete movimentos é o de ligar e interpretar os sons da orquestra de cámara cos xa tradicionais do grupo; neste senso Moncho García non ocultou que por iso mesmo:

"... para nós a apresentación deste traballo é un motivo de ledícia, apesar de que cando recebimos a proposta do consórcio traballamos con moita ilusión pero ademais con certa preocupación".

Alén disto, os Milladoiro traballaron arreo noutro obxectivo: o acadamento dunha unidade non só estrutural, senón tamén espiritual entre as distintas partes da suite. A este respeito Rodrigo Romaní non nega que

"... os sete movimentos teñen unha certa independéncia, pero anceiamos que houbese tamén unidade, ou sexa, buscamos o número de sete para plasmar as vivéncias de cada un de nós nunha parte pero sempre cun pouso comun. O sete máis ben é un número máxico que queremos que esa máxia se manifeste no conxunto da obra, entendida como obra integral de Milladoiro".

Por outra parte, e en contra do que poderia parecer, *Iacobus Magnus* non pretende ser unha obra programática. Neste senso os distintos movimentos da suite non só non son independentes no espírito, senón tampouco nunha posíbel liña argumental. Cada parte non é mais que unha matización a unha impresión espiritual comun; o lirismo da rota vinculado claramente co da Galiza penéirase polos músicos pero sen caír nunha descrición ou recriación dun camiñante dterminado, dunha paisaxe concreta ou dunha situación X. Asi pois, sensación interior e non vocación descritiva, é o que preside o groso da composición.

> *'Iacobus Magnus* recria unha conceición íntima e garimosa da Rota Xacobea mais que unha nova plasmación do acervo tradicional'.

Este novo proxecto de Milladoiro non se pode afastar das últimas experiéncias sinfónicas do elemento *folk* tradicional nos lindeiros da música clásica asentou unha nova corrente da que na actualidade destaca o xa famoso concerto para gaita e orquestra de San Brandao ("Brendan voyage"). Porén, apesar desta clara vinculación, Milladoiro coidouse ben de se arredar dunha tendéncia concreta:

"son cousas diferentes [declarou Rodrigo Romaní], habida conta de que os concertos de O'Davey fan-se para solista —frecuentemente gaita irlandesa— e orquestra, e no noso caso é para grupo e orquestra. Pero sobretodo a conceición de Shaun está máis imbuída da música tradicional irlandesa mentres que o noso é un efeito non tan ligado ao tradicional. Iacobus Magnus é unha obra de criación e permitiunos licéncias distintas ás que adoptariamos para unha obra de Milladoiro en particular".

Tamén para Antón Seoane é algo problemática inscreber a suite dentro dunha suposta corrente "O'Daveiana":

"... Shaun ten claves musicais máis sinfónicas, mentres que Iacobus Magnus, sen renunciar á magnificéncia, non cai na voluptuosidade; voluptuosidade que non entendemos e que non estaria á altura do máxico, que é o que nos transmite o próprio Camiño".

Obra sinfónica

En definitiva, *Iacobus Magnus* resulta unha aportación criativa de Milladoiro que recria unha conceición íntima e garimosa da Rota Xacobea mais que unha nova plasmación do acervo tradicional. Orabén, esta realidade presente non implica de nengun xeito desbotar un vello e anceiado desexo da nosa música: a recriación sinfónica da nosa música tradicional que ben se poderia facer coa mediación de Milladoiro e do seu consagrado repertório. Xosé Ferreirós adiantouse en primícia a intención do grupo de traballar proximamente nunha magna obra sinfónica destas características:

"... É unha das nosas ilusións, e neste senso Iacobus Magnus é un dos primeiros pasos, o cal non desbota apresentar nun futuro unha obra sinfónica en base a temas tradicionais xa feitos por nós...".

Ferreirós non pudo concretar cando se realizaria este proxecto ainda oficioso, pero si adiantou que algunhas experiéncias nesta liña están xa realizadas, as cais, de concretárense, terian que agardar polo menos un ano para ver a luz do público. Non seria de estrañar, xa que logo, que da aceitación e éxito de Iacobus Magnus dependa en boa medida o alargamento deste vieiro recén aberto. ♦

— EXPOSICIÓN —

SANTIAGO AMERICA

Unha visión completa da presencia do Apóstolo nos paises americanos.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE

Mosteiro de San Martiño Pinario. Santiago de Compostela
Tódolos días de 10 a 20 h. (excepto lúns). Ata o 31 de maio

Arcebispado de Santiago de Compostela

Música

Xente igual por dentro e fóra

30 anos de *Al Vent*

Poido ser unha anécdota máis, pero foi o cerne dunha canción que fixo história: unha viaxe en moto que Raimon fixera por terras da sua Valencia natal, co vento levantino desafiándoo de fronte. *A cara ó vento, ao vento do mundo*; vivéncias localizadas na vila de Xàtiva, que acadaron repercusión universal no idioma catalán do País Valenciá, tal como ten asumido o cantor a sua pertenza a unha colectividade cultural concreta *-quen perde a orixe perde a identidade-*; posicionamento que lle levou a ser declarado *persoa non grata* por parte dalgunha institución valenciana.

Raimon xa tocara nunha das moitas bandas de música que criaron tradición no levante peninsular, e coma moitos outros cantores contestatários, pasou polas aulas universitárias, no seu caso para estudar História. Teimoso, seguro de si, como se a adversidade non existira, compón e canta *Al vent*, que é convertido popularmente en hino de resisténcia colectiva. O *vento* devén xa nunha metáfora: lonxe de esquivalo, habia que desafialo. Desde entón (1963), a represión franquista teria sempre en fronte sua as cancións dos a cada máis cantautores, que, xusto é recoñecelo, fixeron máis levadeira a célebre *longa noite de pedra*.

Naturalmente, os profisionais do canto sumáronse á nómina de artistas e intelectuais que foron *obsequiados* polo réxime con exilios, multas, proibicións e mesmo cargas policiais, como a que inspirou unha canción de Raimon, composta co gallo do seu histórico recital universitário en Madrid, o 18 de Maio de 1.968: *por unhas cantas horas imos ser libres*, ainda que ao remate do recital de turno todo continuara aparentemente igual ca antes. Nesta ocasión, a actuación acabóu coma o rosário da aurora. Era o précio dunha paz imposta, que *ás veces non é máis que medo*, como cantou nun seu tema adicado ao *Che* Guevara.

Foi o cantautor que tivo a verba precisa no momento oportuno. Por algo viña *dun silenzo antigo e moi longo*. Pero as palabras que racharon co silenzo non só tiveron contido contestatário; outro vento, o que acompañaba ás velas de Ausias March, inmortalizou unha das suas boas cancións, que coma moitas outras proviña dun Mediterráneo maino, de lenes ondas; musicalidade que tamén acompañou os versos de poetas do século XV e popularizou a un clásico do noso tempo: Salvador Espriu.

O prestixioso director de orquestra Antoni Ros-Marbá tirou das cancións de Raimon matices que só un grande músico é quen de revelar, como manifesta o disco gravado coa Orquestra Cidade de Barcelona. Pola sua banda, a Coral Sant Jordi converteu o canto individual en colectivo, froito dunha atinada concepción harmónica.

Cantores en concórdia

Mentres Raimon no País Valenciá encetaba nos primeiros anos sesenta unha xeira decisiva na canción de autor peninsular, en Barcelona Pi de la Serra e vários colegas máis facian o próprio a carón de *Els Setze Jutges*. A *cançó* era unha realidade que non tardaría en se consolidar como fenómeno cultural de masas. Intelectuais da escrita interésanse polo asunto; Vázquez Montalbán escrebe vários libros sobre o particular, Joan Fuster declara públicamente a sua ademiración por Raimon; o poeta Pere Quart asiste coma espectador de escepción ao primeiro recital de Mª. M. Bonet na

Cidade Condal; Manuel Maria publica o ensaio *Raimon, poeta do noso tempo...*

> Raimon foi o cantautor que tivo a verba precisa no momento oportuno.

Comezaba un longo camiño, con discrepáncias e desavinzas na sua dinámica interna. Mediada a década dos sesenta Serrat decide incorporar o español coma idioma das suas cancións, e mália que nunca deixou de cantar en catalán, suscítase unha intensa polémica: Pi de la Serra adícalle unha irónica canción a Joan Manuel *-son da nova cançó, son o mellor-*; o próprio Raimon lamenta a integración do *noi del Poble Sec* nos mesmos circuítos do espectáculo comercial que un Raphael, con quen rivaliza en popularidade e cotización, tanto no Estado español coma en Latinoamérica. En plena década dos anos setenta, o Palau de Barcelona artella un ciclo adicado á cada menos nova *cançó*, mentres en Canet de Mar, en pleno verán, desenrólanse ano tras ano, as *Seis horas de cançó*; Serrat está ausente en ambos casos.

Desta teima lingüística non se libraban, naturalmente, os cantautores non cataláns. Asi, Paco Ibáñez tiña dificuldades para actuar a carón dos catalano-parlantes, mentres o noso paisano Miro Casabella, que se fixo artisticamente en Barcelona, disfroitaba dunha situación de certo priviléxio por cantar en galego.

Precisamente Miro foi unha das voces que se botaron en falla no Festival do pasado 23 de Abril, artellado desde a Generalitat co gallo do trinta aniversário da publicación de *Al vent*, primeiro disco gravado por Raimon, que parece esquecerse nesta ocasión dun dos seus recitais históricos: o celebrado en Santiago aló polo ano sesenta e seis, e ao que se lle atribue o xérmolo das entrañábeis *Voces Ceibes*. Por representativo daquel mundo, por dignidade artística, e tamén por galego, a presenza de Miro Casabella estaria plenamente xustificada neste acontecimento artístico, no que se esvaíron vellas liortas dialécticas.

Recuperouse o espírito dunha época, que daquela non contemplaba a existéncia de grandes figuras. O importante foi o encontro, a convivéncia; xa que logo, a orde das actuacións non foi escollida segundo o critério do *poder de convocatória;* naquel contexto, entendíase que todos convocaban por igual. Se cadra, para moitos a grande sorpresa foi Mikel Laboa, que amosou a orixinalidade da música popular do seu País: un Euskadi de canto primitivo acompañado polo son dun instrumento autóctono, a *txalaparta*. Destacábel tamén a Coral Sant Jordi, cunha atinada distribución vocal na interpretación, e a máis lúdica presenza da banda *La Lira Ampostina*, coa coxuntural participación do intérprete-protagonista. A nota exótica, representada pola formación xaponesa Warabi-za. En xeral, os cantautores asumiron na sobriedade do seu plantexamento cénico un reto que foi superado básicamente polas suas próprias faculdades artísticas, non habia trampa nen cartón: o artista apresentóuse tal cal é. Ou como diría José Afonso, sen duda presente na memória colectiva:*xente igual por dentro, xente igual por fóra.*♦

XOAN M. ESTÉVEZ

UNIVERSITARIA

Textos e manuais para o coñecemento

6.400 textos. 2.900 inéditos. O esforzo máis notable de sistematización e estudio da nosa poesía popular dende as primeiras recolleitas do Padre Sarmiento ó Cancioneiro de Pérez Ballesteros. *Unha obra fundamental para os estudiosos e amantes da nosa literatura.*

A POESÍA POPULAR EN GALICIA.
1745 - 1885
Domingo Blanco
Dous volumes.

NA MESMA COLECCIÓN



OS PRECURSORES
DA NORMALIZACIÓN
Carme Hermida



LITERATURA GALEGA
DA MULLER
Carmen Blanco

XERAIS

Televisión

Todos codificados

Tan logo como asinaron un aseado código deontolóxico de protección aos direitos dos infantes, as distintas televisións hanse ir descodificando na sua aplicación, se é que chegamos a ver algun efeito real do cabaleiroso pacto que non sexa o meramente publicitário de primeira hora. Sona a cousa a conferéncia do Rio e outras xuramentacións de carácter benéfico, calificativo sempre sospeitoso desde que se aplicou ás quinielas. Ainda que agora xa non se leve aquilo de "onde vai o diñeiro das quinielas" e se leven a palma cegos e bonolotos várias.

Porque de levarse á prática os distintos pontos do pacto recentemente subscrito, moitos programas terian que desaparecer das pantallas. Fálase de evitar a violéncia gratuíta, supondo se cadra que hai outra que non o é. Será esta a de pagamento, a que xera cartos co *merohandising* correspondente, como acontece con tartaru-

(continua na páxina seguinte)

Televisión

***Shongoku*, violéncia nos debuxos da TVG**

(ven da páxina anterior)
gas, songokus e outros inumerábeis enxendros violentos que non só invaden as retinas infantis as suas boas horas diárias senón que se prolongan nunha série de subprodutos de consumo case obrigatório para unha maioria de nenos. Tamén se inclue neste código un ponto interesante, o da linguaxe "inecesariamente indecente ou o emprego deliberadamente incorrecto da língua". É este un saco suficientemente amplo como para incluir nel unha grande cantidade de espazos, nomeadamente os infantis. En moitos deles, como temos comentado aqui reiteradamente, emprégase un argot idiotizante, pretendidamente "fresco" e imitador da linguaxe desenfadada dos rapaces (xeralmente dos rapaces de certos ámbitos, como o madrileño, dito sexa de paso). Aparte dun argumento falaz, esta prática é falsa pois determinados apresentadores (Leticia Sabater é acaso o paradigma, seguida dunha pléiade de adolescentes-apresentadores/as), ou bonecos ("Hugo" de Tele-5) en troqus de reflectir nada, enxendran eles próprios xírias empobrecedoras logo imitadas por moita rapazada. Pero tamén dá que pensar o termo "linguaxe deliberadamente incorrecta". Non dubidamos de que moitos destes dinamiteiros da linguaxe, condición da que se salvan moi poucos profisionais do meio, meten as suas patadas lingüísticas inconscientemente, por pura ignorância e seguindo a dexeneración por imitación que tanto se produce en especial en certos campos como o dos comentários deportivos. Imítase a un locutor de éxito (García é un bon exemplo). Os imitadores son emulados por outros de menor rango, e as *muletillas* e expresións incorrectas ou por veces completamente absurdas pasan de escalafón en escalafón, de idioma en idioma (da Cope, por exemplo, á Radio Galega), até coñeceren o éxtase en certas rádios locais.

> De levarse adiante os pontos do pacto recentemente subscrito, moitos programas terian que desaparecer

E xa que de deportes falamos, como case sempre facemos, tamén seria desexábel certo código de sentido comun para casos coma o escoitado no último *Estudio Estadio*. Ali ofereceron unha longa reportaxe sobre os candidatos ao título ligueiro, encaregado a profisionais galegos por aquilo do "depor" é de supor. Xoán (ou Juan?) Barro na locución non cansaba de repetir "el equipo de La Coruña...". Igual adoita a facer outro dos responsábeis da reportaxe, Moncho Viñas, nas suas crónicas radiofónicas para o estado. Tampouco lles imos pedir a estes profisionais o que non fan as autoridades e boa parte da sociedade coruñesa: dicer o nome da sua cidade correctamente. Se cadra é que un é moi maniático, pero chama a atención que profisionais foráneos se esforcen (non moito, tampouco) en pronunciar "Xacobeo" nas suas crónicas da "Vuelta", e os xornalistas, para unha vez que lle dan canoha sigan co "La", como poderian decir "sol, mi" ou "do", pois que un saiba non é ese o nome oficial da cidade en cuestión.

E falando da "Vuelta a España", volve a despregar nas suas transmisións televisivas a imaxinaria do Pelegrín, nunha cabeceira na que se nos asemella a unha mántis ou escarabelle en bicicleta (os oriativos fixeron o que puderon, pero o bicho non saiu moi agraciado, está claro). Tamén preceden ás transmisións os anúncios aqueles de "Gallego? etc...", e todo este gasto ainda se complementa co patrocínio a unha equipa (o Kelme-Xacobeo) á que case todos lles escapan o segundo nome, aquel polo que se pagaron non sei cantos millóns, por se sufragar a própria *Vuelta* non fora de abondo. Pero como dicia un diário galego, (deses que falan da Galiza coma quen fala de "Internacional"), "a volta cústalle 900 millóns ás administracións autonómicas". Cústalle a elas, que boas son que nos levan de excursión (ciclista). De onde sacarán os cartos?♦

G. VILAS

Leituras

Filgueira, pésia todo

Un novo *Adral*

Logo de rematar a leitura dun novo volume de *Adral*[1], o sétimo, o menos que se pode dicer é que Xosé Filgueira Valverde encontrou un editor. Expliquémonos. Ediciós do Castro parece ser que lle deu carta branca ao escritor para que este fose recollendo todos os traballos e artigos espallados en revistas e xornais (ou inéditos) e os publicase sob a sua chancela editorial. É unha sorte, non fose pasar como está a pasar coa obra de Álvaro Cunqueiro, tanto en español como en galego, que ainda espera ser recollida na sua totalidade. Filgueira Valverde, coa entrega periódica dos *Adral*, un cada dous anos, máis ou menos, está a publicar a sua obra —periodística— completa en vida. O de periodística é un adxectivo para sair do paso.

Este novo *Adral*, outra regalia para o leitor galego, como os anteriores, está dividido en sete apartados. Apartados que, con pequenas variacións nos títulos, son os mesmos de case que todos os outros volumes: "A fala", "As letras", "De festas e advocacións", "Da lenda á historia", "Terras e lugares", "Das artes e dos mestres", "Nos eidos da lembranza". Algo asi como os fragmentos da totalidade, totalidade que, neste caso, é a Galiza.

Filgueira Valverde posue as cualidades do sábio provinciano. Provinciano xeograficamente falando, non intelectualmente. Quer dicer, sabedoria intelectual, amor sobre o que se escrebe, coñecimento sobre quen se escrebe, e trato persoal coas persoas e os obxectos. Daí que nos seus traballos deite unha profunda cordialidade cara aos obxectos do seu estudo, sexan persoas, feitos, festas, a terra, un escritor ou un amigo. Cordialidade que non é máis que (ou só é) sentimento que deitan as palabras escollidas por Filgueira Valverde para escreber os seus traballos. Non hai nos escritos do polígrafo pontevedrés unha palabra máis alta que a outra. Se nos estivésemos seguros que fluen case automaticamente do seu cerebro, poderíase pensar que Filgueira escolle unha a unha as palabras que vai pór no papel. Tanta é a sua sabedoria lingüística. Sabedoria lingüística que nos leva a pensar que alguns dos traballos recollidos no presente volume de *Adral* foron traducidos

Filgueira Valverde.

do español ao galego por alguén que non é o noso escritor. Compárese, por exemplo, a língua —o léxico— dun escrito como "Un poeta na súa fala: Don Juan de la Coba Gómez e a súa lingua poética", aparecido orixinariamente en español na revista "Grial" con calquer daqueles que foron directamente escritos en galego. A diferéncia —sobretodo no ritmo da linguaxe— nótase.

> Filgueira Valverde, cos *Adral*, está a publicar a sua obra *periodística* completa en vida.

Mais deixando, de momento, fora problemas léxicos e lingüísticos (contodo, compre comezar a sinalar que se está a estandarizar unha língua que nos impede ler aos nosos clásicos), entremos neste novo *Adral*.

Como nas seis anteriores entregas, neste novo *Adral* Filgueira Valverde recolle vellos traballos e os últimos. Entre os vellos cóntanse alguns tan interesantes como o dedicado a Juan de la Coba Gómez, no que o pontevedrés amosa un fino espírito do humor, sobretodo no final do artigo. Tamén nos fai ver o seu amplo coñecimento da poesia moderna (no devandito artigo). Outras veces, dá informacións interesantes no meio dun ou outro traballo (no dedicado a Ramón Mª Aller dá a notícia dun "Romance dunha fatal ocasión", escrito a várias mans por diversos membros do Seminário de Estudos Galegos. Pola notícia de Filgueira, pódese intuir que é unha espécie de "Cadáver exquisito", como os que praticaban os surrealistas. El demanda unha edición do tan "romance"; nós, tamén). Outras veces desenterra vellos papeis que teñen unha considerábel importáncia: o primeiro vocabulário galego, o do Bacharel Olea. Noutras, os estudos sobre os xudeus nas "Cantigas de Santa Maria", o Císter na poesía galego-portuguesa ou "Do 'milagre' medieval de 'Donosiña'", desprega todo o seu saber e erudición sen necesidade de esmagar ao leitor. Estes tres traballos ben puderon engadirse á bela edición —cun excelente e divertido prólogo de B. Losada de *Estudios sobre lírica medieval. Traballos dispersos 1925-1987* publicada por Galaxia, non desmerecen de calquer dos incluídos neste volume.

Non faltan os artigos que son elexias polo amigo morto, de Ramón Piñeiro a Paz Andrade, de Taboada Chivite a Iglesias Vilarelle. Os artigos sobre pintura, sobre a terra e os lugares amados. Son, talvez, nestes artigos onde a paixón "serea" de Filgueira se fai máis presente. Unha paixón polas cousas da sua terra e polos seus homes. Pola sua toponímia e polos ofícios dos homes e mulleres que povoan o seu país. Uns homes e mulleres aos que o polígrafo pontevedrés dirixe, en última —e quizá en primeira— instáncia os seus traballos. A sua palabra. A palabra viva do mestre Maragall, como dixemos nestas mesmas páxinas reseñando outro *Adral*. Unha palabra á que, non sabemos por que, se lle negou o doutorado "honoris causa" na universidade de Compostela. Un dia, cando os negadores xa teñan desaparecido, ninguén deles se lembrará. Filgueira, apesar dos seus erros, das suas posicións e das suas tomas de postura, cos que non estamos moitas, quizá demasiadas, veces de acordo, estará vivo, sobretodo nestes *Adrais*. A universidade de Compostela perdeu unha oportunidade histórica, pero que non se preocupe Filgueira. Anos atrás, uns elementos dedicáronse a boicotear a cerimónia na que se lle entregaba o título de doutor "honoris causa" pola universidade de Santiago a Álvaro Cunqueiro. Aqueles elementos, no son? Cunqueiro, de momento, cada dia máis presente na Galiza. (Non quero rematar sen unha dedicatória: a Xosé Lois García, que desde as páxinas de "El Correo gallego" soubo defender, desde unha posición de esquerdas a concesión do título ao gran escritor que é Xosé Fernando Filgueira Valverde).♦

XGG

1) Ediciós do Castro. Sada, 1992. 346 páx. 1.550 ptas.

conta de libros

Escolma de prensa

Na série *Documentos* de Ediciós do Castro ven de sair **Retallos para un tempo distinto** unha escolma de artigos do profesor Hermínio Barreiro. Artigos máis ou menos breves que naceron como resultado dunha afición ou dun compromiso: Retallos pedagóxicos, político-morais, históricos e

literários, deportivos e casteláns, case un cento de artigos en duas línguas dunhas das principais figuras do grupo *Brais Pinto*.♦

O Correo da Unesco

O último número que saiu da edición galega da revista da UNESCO está adicado á exploración do espácio. A divulgación científica e a histórica das viaxes espaciais, desde o mítico bip-bip da primeira nave *Sptunik* lanzada polos soviéticos; as posibilidades da expansión do home no espácio son alguns dos temas que se tratan monograficamente. A edición galega, magníficamente vertida ao galego está editada e distribuida pola Conselleria de Cultura, que espabilou despois das críticas ao sistema de edición e espallamento de anos atrás.♦

GALICIA EN FORMAS

" TI ES PRA MIN O LOMBO DUNHA SOMBRA
ONDE TODO RESULTA PREGUNTADO
E O PASO DAS PERSOAS FAISE LENE...
SEDENTA COMO UN MAR
E NO SEU MAR, AFOGADA."

POEMA "ROSALIA", DE XOHANA TORRES

ESCULTURA SEN TÍTULO DE BUCIÑOS (MANUEL GARCÍA VAZQUEZ)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E XUVENTUDE

7 DIAS

■ Galego en Cataluña

Os galegos en Barcelona teñen cita todos os domingos entre 13:30 e 15 horas con Rádio Zona Franca, na que se emite o programa "Camiño da Terra". A emisión ten un amplo seguimento na colónia galega, e nel pódense escoitar desde a información directa de Galiza, onde está de correspondente Masito Beiró, entrevistas coas figuras da nosa cultura e unha boa seleción de discos galegos, portugueses e brasileiros.

"Camiño da terra" está dirixido por Xosé Lois Osorio e no cadro de colaboradores están César Guzmán, Adela Trigo, Ramnón López e Xoán Antonio Reyes.♦

■ Doazóns ao Museu de Belas Artes

A asociación de Amigos do Museu de Belas Artes de A Coruña ven de apresentar a doazón dos seus fondos artísticos. A notícia última é a formalización do depósito no Museu de dous importantes lotes de obras. Dunha banda a Asociación, en nome da cidade da Coruña, é a beneficiária da "Doazón Seoane", que fai a viuva do artista, que está composta por 213 obras, das que agora se entregan 39. Por outra banda, a instáncias do Museu, a Asociación ven de mercar 39 pezas de louza da antigua fábrica "Cerámicas Celta" de Pontecesures. O Museu, nesta orde, posue unha boa colección de Sargadelos no que respeita ao XIX. Os estatutos da Asociación estabelecen que poden adquirir obras de arte que deben ser postas a disposición do Museu como depósito permanente.♦

Luis Seoane.

■ Semana da tradución

Durante esta semana, organizada pola *Mesa de Normalización Lingüística*, vense celebrando unha série de actos de debate sobre a situación da tradución ao galego. En duas mesas redondas abordouse a situación actual da tradución en Galicia, na que interviron Henrique Harguindey, Valentin Arias e Victor F. Freixanes; e a situación das especialidades de traducción e interpretación na Universidade de Vigo na que interviron Gonzalo Constenla e Camiño Noia. Os actos péchanse coa posta en cena de "Crónica de Pantagruel", un traballo de *Teatro de Ningures* sobre textos de Pantagruel. Un dos aspectos máis interesantes desta semana é a exposición argallada para amosar os libros traducidos ao galego en todos estes anos, dos que tamén se ten publicado un catálogo por editoriais e autores que permiten estimar o momento actual da edición destas versións que universalizan ao noso idioma.♦

■ Homenaxe a Afonso Blanco

O fundador da agrupación "Xermolos" de Guitiriz, o crego Alfonso Blanco Torrado, recibiu unha homenaxe o pasado sábado 24 de Abril. Meio cento de escritores e moitos viciños de Guitiriz asistiron ao xantar celebrado e á apresentación do libro "Pregoeiro da luz" editado co gallo da homenaxe. Afonso Blanco agradeceu o acto "que vexo como un recoñecimento colectivo a *Xermolos* e ás asociacións culturais que loitan por sair adiante". Franco Grande indicou que Afonso Blanco representaba unha Igrexa distinta "que debia seguir este exemplo de servir ao país e non ao poder; que lonxe de se situar afastada da realidade debia aproximarse amorosamente a ela". A homenaxe foi coordenada por Manuel Maria, Xulio Xiz e Paco Martin.♦

■ Xornadas pondalianas

A Asociación Cultural Monteblanco de Ponteceso ven de apresentar un cobizoso programa de actos que se concentrarán entre o 13 e o 16 de Maio. O dia 14 celebrarase unha xornada de homenaxe a Blanco Amor, con intervencións de Gonzalo Allegue e Carlos Laiño, abríndose unha exposición bibliográfica e escenificándose duas obras "A tia lambida" e "A lebre das ánimas". Esa noite celebrarase o festival de pop-rock *Val de Pondal*.

O dia 15 terá lugar a II Xornada Pondaliana, que apresentada por Carlos Martínez Barbeito incluirá unha excursión aos lugares pondalianos da man de Felipe Senén, proxección do vídeo "A canción do Bardo" de Miguel Mato e unha mesa redonda con intervención de Manuel Forcadela, Manuel Ferreiro e Rosário Valdés. O dia 16 o homenaxeado será Manuel Maria con representacións teatrais, concertos, recitais e intervención do próprio poeta da Terra Chá. A xornada final é o próprio Dia das Letras Galegas no que se celebrará unha xornada da artesania e continuarase cun programa máis amplo que culmina os catro dias con exposicións, firma de libros nunha feira do libro e diferentes recitais musicais e poéticos. Pódese obter información detallada chamando aos teléfonos (981) 71 49 24 e 75 42 36.♦

A cultura galega vista desde a Universidade británica

Mar por meio, congreso en Ribadeo o 28, 29 e 30 de Xullo

■ **A. DIAZ AMOR/RIBADEO**

O Concello de Ribadeo apresentou a semana pasada o avance de programa das *II Xornadas de Cultura Galega: unha visión desde a Universidade británica* que se desenrolarán nesta vila os próximos 28, 29 e 30 de Xullo.

Baixo o título xenérico de *Mar por medio* as xornadas serán a continuación das desenroladas o ano pasado e que estiveron dedicadas á literatura galega. Este ano o relevo recólleo a História e serán relevantes profesores británicos os encarregados de apresentar as comunicacións e ponéncias nestas xornadas que cumpren unha función de universalización da cultura galega.

Entre os estudosos que estarán presentes este ano en Ribadeo cabe sinalar a *Raymond Carr* (autor de diversos libros e traballos sobre historia da España e a América latina como "Spain, 1808-1939" e "Modern Spain"; foi director do *Saint Anthony's College Academy* da Universidade de Oxford entre 168 e 1987, membro da British Academy e da Real Académia da História de Madrid), o profesor *Brian Tate* (catedrático e Director do departamento de Español da Universidade de Nottingham e especialista na Idade Média española; entre a sua extensa bibliografia destaca "The Pilgrim Route to Santiago" traballo sobre o Camiño de Santiago). Tamén estará presente *Laurie Dennet*, historiadora que fixo o camiño de Santiago a pé e contou as suas experiéncias no libro "A hug for the Apostle" ("Unha aperta para o apóstolo"), e o doutor *Charles Esdale*, profesor de história na Universidade de Liverpool e especialista en Wellington e a Guerra da Independéncia.

Contarase tamén coa participación de *John Rutherford*, decano da subfaculdade de Español da Universidade de Oxford, director do Centre for Galician Studies e autor da tradución ao inglés de "La Regenta". Actualmente está traducindo a ese idioma o Quijote.

Despois do éxito acadado nas xornadas do ano pasado, no que tamén se contou coa participación da Universidade Galega, o abano de asistentes a estas segundas xornadas ampliarase con representantes da Universidade asturiana; dase xa por segura a presenza da doutora *Alicia Laspra*, que tratará as relacións entre a Grande Bretaña e Ribadeo durante a Guerra da Independéncia.

Para o alcalde de Ribadeo, Eduardo Gutiérrez, as xornadas "teñen realmente o carácter dun Curso Universitário de Verán, se ben coa peculiaridade de seren especialistas da Universidade británica os que ofererecerán a sua peculiar visión da cultura galega, nesta edición pondo o énfase na história. Para nós é motivo de especial satisfacción contar este ano coa presenza de Raymond Carr".♦

NOVIDADES

1.450 pta

Blanco Amor, diante dun xuíz ausente. Biografía.

Ademais da case póstuma coquetería de reclamarse ambiguamente fillo do elegante Custodio, EBA tivo outra —"que compartín con Lorca"—: por nada do mundo ser un home do XIX. "Nacín en 1.900", mentía. Naceu o 13 de setembro de 1.897, no nº 27 da rúa Lepanto. Segundo a acta bautismal foi fillo lexítimo de Víctor Blanco, natural da Inclusa de Astorga, e de Aurora Amor. Foi bautizado cos nomes Eduardo Modesto...

Asi comeza un dos capítulos da biografía de Don Eduardo Blanco Amor. Un estudio exaustivo que a través de 372 páxinas e 47 fotos revela aspectos inéditos da vida do eximio escritor ourensán.

Recordos do mozo Mosquera, quinto do 98


Os escritos de Cesáreo Mosquera (1.876-1.955) recollen as lembranzas da aldea, nenez e alistamento como quinto para Filipinas, peripecias militares na Cía. de Cazadores, e vida dos soldados nas vilas e aldeas filipinas. Volta á Galicia e posterior emigración a Brasil e Iquitos (Perú) onde se establece primeiro como barbeiro e logo como dono dunha das máis importantes libreirías do país. Un segundo documento é o diario de operacións dende xaneiro de 1.893 ata a rendición de Manila en 1.898. Inapreciabeis documentos sociolóxicos.

Os libros que todos os galegos deben coñecer!!

NIGRA IMAXE S.L.

Teléfono: (986) 49 05 57 - 29 60 49 VIGO

Manuel Xosé Neira, gañador do Esquío 93

'Síntome máis monxe templário que poeta político'

■ FRANCISCO ARRIZADO

"*É Abril! Cada flor é unha esperança*". Lembro esta pintada no muro dunha Escola Pública, na Regoa (Portugal). Era Abril do 78. Neste Abril do 93, floreceu *Abandono da noite*, libro gañador do Prémio Esquío de poesia galega deste ano. O autor, Manuel Xosé Neira, naceu e vive en Lugo. Ten 29 anos. Neira, que define dun xeito exquisito a inspiración, falounos da sua biografia, ainda curta, da sua obra, de literatura...

Cando da morte de Franco, só tiña once anos?

De todos os modos eu vivín iso. As últimas rabexadas do franquismo vivinas fortemente, mesmo, economicamente, na casa. Profisionalmente son un herdeiro da tradición da má tradición do franquismo e a situación non mellorou até ben entrada a transición. Recordo os primeiros anos de BUP, nos que houbera as últimas folgas reivindicativas. Eu vivinas. Como estudante era de ERGA. Despois deixara a militáncia, logo volvín, pero aqueles momentos vivinos con intensidade. Non son da xeración do 68, pero son herdeiro, case o benxamín, deses movimentos.

Ademais dos libros galegos que persoas o achegaron ao terreo literário?

Cheguei á poesia, á Literatura através dunha profundización na soidade, na búsqueda do senso da vida e todo isto. Hai tres persoas que marcaron a miña vida, e sinto a auséncia delas. En primeiro lugar a figura do meu pai, que morre cando eu tiña trece anos. Despois e ao tempo, Ramón Piñeiro e o poeta Eduardo Moreiras. Piñeiro desde unha óptica de achegamento a unha filosofía singular e, tamén, unha espécie de referente tutelar. Doutra banda, Eduardo Moreiras, desde lonxe, influía en min poderosamente através dos seus versos onde tremelucia o influxo das teorias e filosofias orientais. Foi o poeta galego que máis me influiu. Hoxe, todos tres están ausentes e a sua lembranza é algo recorrente no meu pensamento.

E os históricos da poesia galega?

Os poetas dos anos 50, moi interesantes todos eles, resultan xa un pouco envellecidos, pois que escreberon en circunstáncias políticas moi concretas e os seus poemas non eran todo o sentidos que debian ser. Non exactamente sentidos senón coa claridade ou nitidez de viver nun proceso democrático. Nótase que están un pouco desfasados, sen vida.

MONTSE RODRÍGUEZ

'O poema é un cristo xacente que destila o seu sangue purísimo para a salvación do leitor".

A que llo achaca? Á vaga do momento ou á falta de imaxinación?

A criación ten que ser sempre o máis libre posíbel, non pode estar marcada por unhas pautas. Celso Emílio, por exemplo, era un poeta extraordinário; e mais era político. Depende un pouco da xenialidade do autor. Pódese viver unha situación pésima e quitar adiante unha grande obra *Longa Noite de Pedra* pode valer para os tempos de hoxe. Celso Emílio escrebia poemas amorosos tremendos, políticos, satíricos...

Di que lle interesa moito o movimento romántico alemán e inglés...

Estou un pouco entre o romanticismo e a Ilustración. Creo que desa mistura saen o futuro e a contemporaneidade. Un exceso romántico seria unha loucura e un exceso ilustrado seria outra barbaridade. O modelo axeitado e harmónico seria unha mistura dos dous. De feito, os mais revolucionários poetas románticos ingleses, coma Byron, remataron tolos, porque habia un movimento romántico conservador e resulta que o Romantismo tiña que ser un pouco conservador e a Ilustración progresista. Porque a lucidez é o progreso, os da Ilustración eran progresista. Esta mistura é a que está a tracexar o mundo contemporáneo.

Militáncia e compromiso

Gusta do bon galego, pero asexa sempre a discusión da normativa.

O galego está bastante deturpado, pero hai xente, hoxe, que leva xa anos de profundización. O escritor o único que ten é o idioma e compre facelo o mais rico, versátil e dinámico posíbel. Prefiro que se fale o idioma que non unha normativa ríxida. Trátase de que non esmoreza o galego e logo, democrática e dinamicamente, se vaia esclarecendo o proceso. De interesar mais o portugués iremos cara ese idioma, ou ben cara unha normativa menos achegada.

A criación literária, como militáncia e compromiso?

Son un poeta militante e comprometido nun tempo en que iso non está á moda. Se escrebes en galego, en certa maneira, estás comprometido. Non estamos na Ditadura, nen vexo unha situación crítica, pero segue habendo pequenas ditaduras e tiranias, cousas coas que compre acabar. Son un poeta militante, pero polas circunstáncias; síntome máis un monxe templário medieval que un poeta político *strictu sensu*. A militáncia cánsame un pouco, esgótame, non obstante, a política é un xogo moi interesante e, un pouco, hai que facela!

Que pensa do profesorado que tan pouco se deixa ver nas causas e escritos a prol da língua. Non deberian ser máis interesados polo garabanzo?

Esa é unha irresponsabilidade grave pola sua parte, unha espécie de prostitución. A xente que vive de algo tenno que cuidar. Non estando o país normalizado hai que facer pátria e hai profesores de galego que dan as clases en galego e que aosair falan en castellano. Resulta grave porque o alunado pensa que o idioma é unha espécie de latín ou inglés tamén, unha língua que non está na realidade. Algo a estudar como unha reserva ecolóxica, como os Ancares que compre conservar pero sen máis vida.

Na sua obra insinua que a solución do galego viria da xente do agro. Lémbrame iso algunha das teorias dos galeguistas da República...

A urbe non é nada favorábel ao galego, a raíz nutrícia está no campo. A cidade moi poucos avances fai nese terreo. Eu creo nun mundo harmónico de vilas pequenas e desenvolvimento democrático, non na especulación urbanística nen todo iso. Penso que compre democratizar, ordenar o agro e o bosque. E indispensábel, un marco aecuado de comunicacións viárias de todo tipo. As raíces sábese ben onde están e a elas hai que volver. Non dunha maneira primitiva ou ancestral, senón coa técnica que temos ao noso alcanzo adaptándoo ás raíces que sabemos onde están. Ás veces, este parece un país negado. É curioso porque, indo por aí, ves que, mesmo na terra máis pobre aman o seu e está todo ordenadiño. Aqui hai ódio e é tremendo porque sai do descoñecimento do próprio. Seria belísimo que houber un muiño restaurado ou xente vestindo con liño. Galiza, inda non tendo a luz dun Mediterráneo, é un país belísimo.

Para todo iso, compria ideas boas e sensibilidade. Que valor lle dá á inspiración?

A inspiración non é o rapto momentáneo, o súbito clímax caótico. A inspiración máis acertada é aquilo que nos surprende despois de ter luido o poema. Se despois de traballar o poema ao máximo algo hai nel, que nos surprende, iso é a inspiración. O poema, xa escrito, é un cristo xacente que destila o seu sangue purísimo para a salvación do leitor (e o autor).

Comezamos con Franco, e rematamos falando da sua relación con Piñeiro.

Estar no "Piñeirismo" ou nas filas nacionalistas víao algo secundário. Impórtame máis o amor ao país, desde unha ou outra óptica. A Piñeiro, ao que coñecin e quixen a nível persoal, oficiaba nun Federalismo que non é contrário ao nacionalismo. De xeito que o paso do piñeirismo ao nacionalismo non me foi traumático. Piñeiro tivo, cara min, moitos detalles humanos que me fan difícil esquecelo.♦

NOVIDADE

PRONTUARIO ORTOGRÁFICO DE GALEGO
Valentín Arias López

Este libro foi concebido como axuda para quen poña interese en escribir correctamente. Así como a fala lle debe respecto ás variedades locais da lingua —pois por algo existen—, na escrita debemos aternos con precisión á normativa vixente. O obxectivo, esta vez, fíxase no aspecto morfolóxico, reducindo a información teórica ó mínimo estrictamente indispensable, en beneficio da práctica, e abúndase en datos ordenados de consonte as características en que se repara. Son conxuntos selectivos que se forman cos elementos marcados pola experiencia docente co risco de propensión ó erro.
Mais non se trata dunha lista de erros para evitalos. Pola contra, dise como se escribe, non como non se debe escribir cada vocábulo. Neste libro non se pensou maiormente en corrixir, senón en formar.
Preséntase unha cantidade considerable de termos correctamente grafados, dispostos en series homoxéneas que facilitan a comprensión e estimulan as asociacións con mira á súa aprendizaxe. A finalidade deste libro é axudar a fixa-la grafía correcta das nosas palabras.

16 x 22, 240 páx. 995 pta.

edicións do cumio

Distribúe:
DISTRIBUCIÓNS ARNOIA
Ramalleira (Cruce de Bértola)
Telefóno (986) 70 93 40
36140 VILABOA (Pontevedra)

OS CASOS DE XAN ESTRADA en AO SERVIZO da CONSELLERÍA

RESUME:
Estrada busca pistas entre as formacións políticas

GONZALO

O trinque

Cine

Moi pouco lírico. Máis ben unha patada no estómago. Asi é o filme de Quentin Tarantino *Reservoir dogs* (Cans encerrados). Cando o cinema negro sai asi, sen flores, deixa ver o fundo da alma. A vela pronto, que non é moi comercial.♦

Festas

... e romarias

Domingo 2, festa do viño en Ribadávia. Luns 3, Romaria de Sta. Cruz en Padrón (A Coruña) e Romaria de S. Bieito en Carballo, Friol (Lugo).♦

Convocatórias

Contos para a mocidade

A *Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense*, convocan o **X Prémio Ourense de Contos para a mocidade**, ao que poden concorrer todos os xóvenes (de 14 a 30 anos) que o desexen con un ou con vários relatos de tema libre, inéditos e orixinais. A extensión mínima é de seis fólios mecanografados a dobre espazo e por unha cara. A entrega dos traballos faise, antes do 5 de Maio, na Secretaria da Casa da Xuventude de Ourense (Celso Emílio Ferreiro 27. 32004 Ourense), baixo plica e indicando se o autor é menor de 17 anos. Hai un primeiro prémio de 75.000 pta., catro accésits de 20.000 pta. cada un, e o compromiso dos organizadores de publicar os contos premiados. Dous dos catro accesits recairán en concursantes menores de 17 anos.

Iniciación ao galego para xornalistas

A Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellaria de Educación, decidiu organizar un curso de iniciación á lingua galega **específico para profisionais da Rádio e da Prensa**. O curso comeza o 5 de Maio e desenrolarase en vigo, no Instituto de Bacharelato dos Rosais II. Para acceder ao curso hai que inscreberse no Gabinete de Normalización Lingüística da Delegación de Pontevedra. (986) 85 76 50, extensión 254.

Deseño de Anagramas

A **Mesa pola Normalización Lingüística,** convoca o primeiro Concurso de Deseño gráfico de anagramas para a promoción de produtos comerciais vários e a sua comercialización. Pódense apresentar todos os deseños inéditos ou publicados non sometidos a propriedade de terceiros. Os orixinais enviaranse por catriplicado (a non ser que estexan feitos con técnicas que non o permitan) e con plica, **antes do 15 de Maio** a: R/ do Vilar 68, 3º. Santiago. Apartado de correos: 247. Teléfonos (981) 56 38 85/58 64 22, e Fax (981) 58 64 22. Hai tres prémios, 50.000, 30.000 e 20.000 pta; os traballos premiados pasarán a ser propriedade da Mesa, que os imprimirá en vários artigos. O fallo do Xuri daráse a coñecer o 1 de Xuño do 93.

Oficina Xuvenil de Información Sociolaboral

A Oficina Xuvenil de Información Sociolaboral, é unha iniciativa dos Colectivos da Mocedade Traballadora Galega da CXTG, que nace co compromiso de informar dos seus direitos laborais e sociais a todos aqueles mozos ou mozas que se acheguen ao mercado laboral por primeira vez; e en especial estudantes e demandantes de primeiro emprego. Temas que contempla a oficina son: Tramitación da obxección de conciéncia, insubmisión, contratos de traballo, salários, convénios, despidos, liberdade sindical, direito de sindicación, e outros. O responsábel de asesorar e informar é un diplomado universitário en Graduado Social. Para calquer consulta dirixirse, Luns e Mércores de 10 a 14 h., aos locais da Mocidade Traballadora Galega de CXTG-CIG: R/ Xeneral Franco 7, 1º D. Lugo. (982) 22 90 13.

IV Mostra Galega de Música *Folk*

A Asociación Cultural Cidade Vella convoca a IV Mostra Galega de Música *Folk Cidade Vella* á que poderán concorrer todos os grupos que interpreten música *folk* galega e non posuan nengunha casete, LP, CD ou vídeo no mercado. A inscrición faise mandando unha solicitude acompañada de currículo, relación nominal dos intérpretes do grupo, fotocópia do Documento de Identidade, maqueta, títulos dos temas, foto, anagrama, no caso de habelo; enderezo e teléfono de contacto á A. C. Cidade Vella (R/ Antealtares 12. Santiago). O xúri escollerá entre os participantes un máximo de catro grupos ou solistas que intervirán con catro cancións na monstra. Os gastos da viaxe e da estáncia dos seleccionados corren por conta da organización. Hai catro prémios en metálico e a posibilidade de gravar un LP. Os conxuntos ou solistas que acaden algun prémio darán un concerto con artistas profisionais de recoñecida categoria. Máis información na A. C. Cidade Vella (981) 56 34 47.

XIII Prémio Blanco Amor

Vários concellos de toda Galiza organizan o **XIII Prémio Blanco Amor de novela longa**, ao que poden concorrer todos aqueles que o desexen con unha ou máis obras, inéditas, escritas na normativa oficial, cunha extensión mínima de 150 fólios mecanografados a dobre espazo e por unha cara. Para participar hai que mandar os traballos, antes do **30 de Xullo** , sen remite e baixo lema, ao Concello de Muros, *Prémio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor*. Nun sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor. De cada obra hanse mandar cinco cópias. O prémio está dotado con 1.250.000 pta. e o Concello de Muros resérvase o dereito a contratar a primeira edición. O xurado fará público o fallo no mes de Setembro de 1993.

Xornadas de Ciéncias Sociais

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), coa colaboura da UTEG-INTG, organiza unhas *Xornadas de Ciéncias Sociais*, no I.B. Santa Irene de Vigo, do 7 ao 9 de Maio. Nas xornadas trataranse temas coma arqueoloxia, urbanismo, Comunidade Europea en relación con Galiza, exílio galego, arte románica e barroca, movimento obreiro na Galiza, dinámica da paisaxe galega e outros. A matrícula das xornadas custa 3.000 pta. para estudantes e parados, 2.000 pta. para membros da AS-PG ou da UTEG-INTG e 6.000 pta. para o resto. Máis información na AS-PG: (981) 27 82 59.

Programa de promoción comunitária

O Concello de Vigo pon en marcha un programa de formación comunitária dirixido aos bairros de **Cabral, Candeán** e **Lavadores**; que comprende cursos de *Organización básica de bibliotecas veciñais, animadores deportivos, animadores socioculturais, técnicas de busqueda de emprego; animadores do tempo libre, mediadores sociais, ximnásia de relaxación* e outros. Poden matricularse todos os que o desexen e señan da zona. Os cursos son de balde e a matrícula pode facerse na Unidade Básica de Acción Social de Lavadores: (986) 27 25 98.

Ofertas de formación

A Conselleria de Traballo e Servícios Sociais oferece unha série de cursos de formación totalmente de balde que van desde a formación de expertos até xornadas técnicas. Os cursos realizaranse ao longo do ano en Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e A Coruña. Comprenden temas coma directivas da CEE, condicións de traballo, prevención de riscos profisionais, normativas, etc. Información e inscricións no Centro de Seguridade e Hixiene de cada unha das províncias.

Prémio de periodismo Compostela 93

O Consorcio de Santiago convoca o prémio para traballos publicados entre o 1 de Xaneiro e o 15 de Setembro, que teñan a Compostela por protagonista. As cópias hanse presentar, antes do **30 de Setembro de 1993**, na sé do Consorcio de Santiago (r/ do Vilar, 59. 15705 Santiago), cunha certificación do meio onde se publicou. A dotación económica ascende a 2.500.000 pta♦.

Anúncios de balde

Desexaria manter comunicación escrita ou telefónica, con aquelas persoas que gostan da **figura e obra do poeta Enrique Labarta Pose**. Contacto: Xosé Manuel Varela Varela. R/ Ventorrillo 78. 15.113 Malpica. A Coruña. (981) 72 10 85.

Maquetación gráfica, búscase traballo. Xornada completa ou por horas, McIntosh. Programas Quark. Se non é traballo de maquetación interésame igoal. Telf. 43 38 30, preguntar por Carlos.

Desexo receber **pegatinas, folletos ou páxinas informativas de temas ecoloxistas, políticos ou musicais**. Enviar a: Manoel Bello Salvado. Rua da Igrexa 9. 15.685 Xanceda. Mesia. A Coruña.

Vendo **discos e casettes do LP *Romper el cascarón***, do grupo alicantino *Badana*. (981) 23 33 08. Manolo.

Desexo receber **enderezos ou teléfonos de contacto de sáas, ou locais onde den concertos en directo**. Son representante na Galiza dun grupo de rock que ten 3 LP's editados. Enderezo: Manoel. R/ San Vicente 43, 4º I. 15.007 A Coruña.

Ceramista imparte classes de cerámica criativa a mao (inclui aprendizado em moldes para desenhos em porcelana). Forno a gas de baixa e alta temperatura. Cocçóns a particulares de obra em barro (pequenas esculturas, alfareria, etc). Bairro do Polvorim 14, 1º dta. Ourense. (988) 23 54 25. Cándido Ventim.

Vendo **piso en Ourense**. Zona de San Francisco. Todo exterior. (988) 22 33 22.

Teléfono Verde. Servício de información instantánea e gratuita sobre meio ambiente, medicinas alternativas, alimentación natural, produtos ecolóxicos, turismo alternativo; e calidade de vida. (988) 23 86 86.

Véndese órgao *Hammond*. Perguntar por Javi no (981) 57 55 17.

O **24 de Abril** vaise saber dunha vez para sempre sobre as relacións inefábeis entre o monte de St. Michel e a lagoa de Antela (seguimos pensando na superioridade da pataca nacional). Teatro de calidade, agasallos aos asistentes, lixo e crónicas da destrución. Será o único acto cultural na história do país onde se saia a lombos de cabalo. Informádevos. Despois non digades que hai vários Sargadelos na enciclopédia galega. Nen que xa non se leva pór "ás oito do serán". Alá vós.

O grupo ZAUM está a realizar o vello proxecto da *Bibliografia da Contracultura*. Contamos con médio milleiro de exemplares de publicacións *marxinais* comentadas e analisadas. Solicitamos nos mandedes un listado de direccións para poñernos en contacto. Temos a intención de abranguer outros campos: maquetas musicais, colectivos, okupacións, etc. ZAUM, Apartado 2.228. 18080 Granada.

Gustaríame contactar con grupos ecoloxistas ou xente interesada nos problemas do meio ambiente. Rubén Chao Franco. Povoado do Barreiro G-3, 3º dereita. As Pontes. A Coruña.

Véndese piso en Ourense. Evencio Baños. (988) 21 05 85, de 3 a 5 da tarde. **Véndense cachorros boxer**. Pai con pedigree e gañador de várias exposicións. 30.000 pta. TI: (986) 85 62 97.

Véndense discos e casettes. Gran oferta. Evencio Baños. Xoan XXIII, 13-7º Direita. Ourense. (988) 21 05 85.

Búscamos casa de pedra para restaurar, con terreo, perto do mar, que non sobrepase os 3 millóns de pta. Agradecemos toda información. Digna Hermo Vilas, R/ Menéndez Pidal Nº 18- 6º - 15007 A Coruña.

Véndese caravana en óptimo estado. Cinco prazas. Neveira. *Moncayo Mod. 395 serie Europa*. Chamar despois das 3 da tarde ao (988) 41 31 01 , preguntar por Berto.

Véndese semanário A Nosa Terra, desde o Nº 415 en diante. Prezo 150 pta/número. Chamar ao (988) 29 00 27, en horas de traballo. Adriám da-Cunha.

Desapareceu Opel Corsa branco. PO-2199-T. Se o vedes chamade ao (986) 42 20 93.

Alúgase piso amoblado en boa zona. Todo confort. Moi grande. Vigo. (986) 20 26 14 e 27 95 37. Preguntar pola Sra. Roo.

Particular vende piso en construción, praza de garaxe e trasteiro. É de protección oficial. Zona de San Roque en Vigo. Para máis información chamen ao (986) 47 17 03.

O Concello de **Chantada pretende facer unha recopilación de fotos antigas**. Con este obxectivo chama a todos os chantadinos que teñan fotos anteriores ao 1975 e que presenten unha temática de interese xeral nun estado de conservación aceitábel para que, proporcionándoas temporalmente, o Concello poida reproducilas para unha exposición e, de ser posíbel, unha publicación específica. Entregar na Casa da Cultura xunto ca data de realización, referéncia ao motivo representado, nome do autor e nome da persoa que a proporciona.

O Cineclube Lumière-Vigo fai unha chamada a todos os amantes do cine. Pretendemos facer realidade a idea dun cineclube coas persoas que teñen unha paixoal afeizón polo cine. Atópasnos en: Lopez de Neira 22, 1º B, Mércores de 7 a 10 da tarde, ou ben chámanos ao teléfono (986) 43 67 73 de 15 a 18 h.

Envie os seus avisos, anúncios, actos e todo tipo de convocatórias con 7 dias de antelación, por correo ou polo número de fax (986) 22 31 01

Música

Na Lua
Música instrumental onde se funden, a partires da música tradicional galega, cantigas medievais, reféncias do Leste Europeu, ritmos latinos, músicas portuguesas, irlandesas africanas e asiáticas. *Na Lúa* apresentará os temas do seu próximo disco o vindeiro Venres 30, ás 12 da noite, no Café Liceum do Porriño.

Ópera de Minsk
Venres 30, ás 20,30 h., no Pazo de Congresos e Auditório da Coruña, actuación da Opera de Minsk con *Eugene Onegin* de Tchaikovski.

Ópera Nacional de Praga
Venres 30, no Coliseu do Porto. Programa: *As bodas de Fígaro* de Mozart.

Polish Chamber Philarmonic
Dia 30, concerto no Centro Cultural Caixavigo, da *Polish Chamber Philarmonic*, organizado pola Sociedade Filarmónica.

Moito Heavy
Venres 30, ás 20 h., na esplanada do Castelo de San Antón da Coruña. Nesta segunda edición do *Moito Heavy*, contase ca preséncia dos grupos: **Mol**, **Xudef Klas** e **Frustradición** da Coruña; **Brutal Distraction** de Vigo e os **Kalean** de Euskadi como grupo invitado.

Moito Rock
Dia 1, ás 8 da tarde, na praza de Azcárraga da Coruña, celébrase o festival *Coruña Moito Rock*. Contase coa presenza dos **Strams** e dos **Tremendos Cien Pavos**, entre outros.

Sachsische Staatskapelle Dresden
Dia 1, ás 9 da noite, no Auditório de Galicia en Compostela. Dirixe: Giuseppe Sinopoli. No programa obra de F. Schubert e A. Bruckner. Prezo 3.000 pta.

I Musici
Martes 4, no Centro cultural Caixavigo, concerto de I Musici. Interpretan obra de A. Vivaldi.

Orquestra de Cámara de Ostrava
Mércores 5, no Centro Cultural Caixavigo, concerto da Orquestra de Cámara de Ostrava organizado pola Sociedade Filarmónica.

Orquestra de Cámara de Noruega
Dia 6, ás 21 h., no Auditório de Galicia en Compostela. Interpretan obra de J. Brahms e F. Schubert, baixo a dirección de Iona Brown. Prezo: 1.000 pta.

Bruce Springsteen
O 9 de Maio no Auditório do monte do Gozo en Compostela. Venta antecipada de entradas.♦

Teatro

Rio Bravo
A última comédia musical de **Chévere**, *Rio Bravo*, estrease Venres 30, ás 11 da noite na Nasa de Santiago. Tamén o Domingo 2, ás 8 da tarde, no Café Liceum do Porriño.

Un refaixo para Celestina
O Centro Dramático Galego (CDG), pon en cena a obra de E. Blanco Amor, *Un refaixo para Celestina*, dias 3 e 4 no Cine Alovi de As Pontes.

História do Soldado
A produción do **Centro Dramático Galego** e maila **Xoven Orquestra de Galicia**, dias 1 e 2 no Auditório Gustavo Freire de Lugo, e desde o 5 até o 8 no Pavillón Polideportivo de Foz.

Guillermota en el país de las guillerminas
Sábado 1, ás 23 h., no Teatro Principal de Santiago, a obra de **Manuel Vázquez Montalbán**, posta en cena polo *Clube de Teatro da Universidade da Coruña*.

Rin Rin
Teatro Avento desenrola a obra *Rin Rin*, no Centro Cultural Cidade de Vigo, ás 22 h., desde Venres 30 até Domingo 2.♦

Actos

A obra de E. Blanco Amor
O 4 de Maio, ás 8 da tarde, na Galeria Sargadelos de Vigo, a Asociación Cultural Vigo en colaboura coa Federación de AA CC organiza unha conferéncia de Francisco Rodríguez Sánchez, sobor da obra de E. Blanco Amor. O dia seguinte, 5 de Maio, tamén ás 8, Francisco Rodríguez analisará *A Esmorga* e *Xente ao Lonxe* no local da Federación de Asociacións Culturais Galegas (Emília Pardo Bazán 25. A Coruña). Francisco Rodríguez é catedrático de Língua e Literatura Española así como autor dunha manchea de traballos sobre Rosalia, Curros Enríquez e Castelao.

Cidade, desenrolo e meio ambiente
Ciclo de conferéncias organizado pola Facultade de Socioloxia da Universidade da Coruña. As conferéncias celebranse no salón de actos da Facultade de Económicas (Campus a Zapateira), ás 11,30 da mañá. Dia 3 de Maio, **Andrés Precedo Ledo**, catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago, pronunciará unha charla sobre o *desenrolo urbano e calidade de vida*. Dia 4, **Xosé Pérez Vilariño**, catedrático de Socioloxia da Universidade de Santiago, falará de *cidade e espácios periurbáns*.

Galiza: As suas vertentes no futuro
O Departamento de Galego da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, organiza un ciclo de conferéncias no que **Camilo Nogueira**, participará cunha exposición sobor do *Nacionalismo galego ante un cámbio de época*. Dia 3 de Maio, ás 19,30 h., na Escola Oficial de Idiomas.

Xornadas Libertárias: Empuñando a anarquia
En Compostela até o 30 de Abril. **Xoves 29** ás 8: *Na procura dunha linguaxe anarquista para o mundo* por Xosé Luís Garcia Ruka, na Facultade de Xornalismo. **Venres 30** ás 8: *Sobre da arte galega*, por Isaac Díaz Pardo, Vidal Bolaño e Quico Cadaval, na Facultade de Xornalismo.♦

Exposicións

Bayon (finais do século XII-princípios do XIII). *Património 2001* na Casa das Artes de Vigo.

Cecilia Najles
A pintora Cecília Najles, expón a sua série paixasistica *Bós Aires*, na sá de arte Caixavigo, até 10 de Maio.

Figura-Fondo e Transparéncias
O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), organiza a monstra *Figura-fondo e Transparéncias*, para confrontar arquitectura con pintura e escultura, através da obra de **Clemente Ochoa**, escultor; **Maika Nova**, pintora; e **Teresa Banet** e **Mercedes Rosón**, arquitectas. Até o 4 de Xuño, no COAG. Santiago.

Abreu Bastos
A Nova Sá Caixavigo acolle obra do pintor galego Antón Abreu Bastos, até 10 de Maio.

Angkor
Monstra fotográfica do recinto monumental de Angkor (Camboia), na Casa das Artes de Vigo.

Xosé Luis de Dios
Pintura no Museo Municipal de Ourense.

Alicia Bará
Pintura na sá da Caixa Pontevedra.

As paisaxes na auga
Pinturas e debuxos compoñen a série *Paisaxes na auga*, de **Juanjo Jiménez**. Galeria Sargadelos de Ferrol.

González Collado
Acuarelas, óleos e debuxos, na Aula de Cultura de Caixa Ourense.

América por dentro
Debuxos de **C. Cornejo**, no Ateneo Ferrolán.

Sérxio Bermúdez
O Arquivo de Betanzos acolle unha monstra de pinturas de Serxio bermúdez.

Artistas do Morrazo
Na Casa da Cultura de Cangas, amosan a sua obra 40 artistas do Morrazo.

Combarro, onte e hoxe
Fotografia no Ateneo Corredoira de Combarro.

Cemento óptico
Fotografia da man do colectivo *Cemento óptico*, na Casa do Concello de Malpica.

Páxinas coordenadas por IAGO LUCA

Pintores do Porto
Pedro Bessa, Lino Cabral, Rui Coutinho, Adriano Mesquita, Teresa Silva e Luís Silva Carvalho, son 6 pintores vinculados a Escola de Belas Artes do Porto que reflexan a profunda renovación da arte lusa. Pódese ver parte da sua obra no Café Liceum do Porriño.

Camiño de Santiago
Os traballos dos alunos e profesores do Instituto de Vilalonga, sobre o Camiño de Santiago, expostos ao público no próprio instituto.

Semana da prensa
Monstra de vários xornais na Casa da Cultura de Quiroga.

Xuventude 92
Un total de 60 obras pertencentes ao VIII Certame Galego de Fotografia e 12 ao VIII Concurso Galego de Banda Deseñada, comprenden esta monstra da Casa da Cultura de Chantada.

Kike Corbacho
Fotografía na Casa das Artes de Vigo.

Santiago e América
A monstra reflexa o alcance da introducción do culto ao apostolo Santiago, en América. Acollida no Mosteiro de San Martiño Pinario, en Santiago.

Pintores do Magreb
Até 4 de Maio, de 12 a 19 h. de Martes a Domingo, o Auditório de Galicia en Compostela, acolle obra dunha escolleita de pintores do Magreb.

Mon Vasco
Escultura no local da Fundación Caixa Galicia da Coruña.

Ignácio Basallo
Esculturas na Galeria Pardo Bazán da Coruña.

Daniel Vázquez Díaz
Monstra antolóxica do pintor andaluz, Vázquez Díaz (1882-1969), composta por 44 óleos e 23 debuxos. Resalta a sua faceta retratística. Pódese ver no Kiosko Alfonso da Coruña.

Ánxeles Ferrer
Expón as suas acuarelas no Café Bar Pepa Loba de Santiago.

Tres sentidos
O pintor cubano **Samuel Salabarria**, amosa a sua obra na Casa da Xuventude de Vigo, de 6 a 8,30 da tarde.

Volver a soñar
A série do fotografo **Luis Covelo**, *Volver a soñar*, na Casa da Cultura de Chantada, até 6 de Maio, de 6 a 9 no serán.

Salve Iacobe Gallætiæ
Unha reflexión sobre das diferentes culturas no Camiño de Santiago. Na Casa da Cultura de Sarria.♦

Cine

Cineclube Lumière
O recén nado *Cineclube Lumière* de Vigo anunciou a sua programación para o vindeiro mes de Maio. O dia 5 **Bagdad Café** de Percy Adlon; o dia 12 **Ceo sobre Berlin** de Win Wenders; o dia 19 **A Estrada** de Federico Fellini e o dia 26 **Conto de Inverno** de Eric Rohmer. Todos os pases serán de versións orixinais subtituladas, ás 20,30 horas no Auditório do Concello de Vigo. Para máis información dirixirse ao tfl. (986) 43 67 73 de 14,30 a 17 h.

Fondos do CGAI
Ciclo organizado polo Centro Galego de Artes da Imaxe. As películas proxectanse, ás 20,15 h., na própria sá do CGAI (Durán Loriga 10. A Coruña), eo prezo da sesión é de 150 pta. O 30 de Abril e o 3 de Maio, pódese ver a película **Trens rigurosamente vixiados**. Checoslováquia (1966). Director: Jiri Menzel. Dias 4 e 5 de Maio, pasan **A vinganza é miña**. Xapón (1979). Dirixida por Sohei Imamura. Dias 6 e 7, proxectan **Roma cidade aberta** de Roberto Rossellini. Itália (1945).

***A vinganza é miña* de Sohei Imamura.**

Cinema Português Clássico
O colectivo Edral organiza a proxección dunha série de películas do Cinema Portugués Clásico. Os pases son de balde e realizanse os Venres, ás 20 h., no Centro Cultural O Facho (Federico Tápia 12, 1º C. A Coruña). Dia 30, pasan **José do Telhado** de Armando de Miranda, e o dia 7, **Crime da Aldeia Velha** de Manuel Guimarães.

Enviado especial
Sábado 24, en *Butaca Especial* da TVG. EEUU (1940). Director: Alfred Hitchcock. Intérpretes: Joel McCrea, Laraine Day, Herbert Marshall e George Sanders. No 1940, o governo británico decide potenciar a producción de filmes propaganda sobor dos perigos do nazismo. No mesmo ano, Hitchcock, dirixe *Enviado especial*, unha história que tenta espertar no público o rexeito ás ideas que a Alemánia de Hitler estaba a espallar.♦

Director:
Alfonso Eiré López
Presidente:
Francisco Carballo
Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

A NOSA TERRA

Rua do Príncipe, 22, planta baixa
Apartado postal 1371 (36200 Vigo).
Tel.: Administración, Subscricións
e Publicidade (986) 43 38 30*.
Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05.
Fax (986) 22 31 01.

ANO XVI • 29 DE ABRIL • 1993

Nº 567

De profisión: captar a alma dos paxaros

■ **AMANDA ÁLVAREZ**

Xosé Mareque pasa longas horas da sua vida, agachado nun chafaris, observando o comportamento dos páxaros, os seus movimen-tos, as suas posturas, que logo reproduce en preciosas pezas de barro coa axuda de Manuel Caamaño, un alfareiro que conta coa sabedoria tradicional de Buño. Unha afeizón convertida en actividade laboral.

Desque era ben pequeno interesouse pola conduta das aves do país. Pasear polo campo ou polo monte significaba para Xosé perder moitas horas do dia mirando através duns prismáticos como se lanzaba ao rio a grande velocidade o martiño reixeiro ou o merlo rieiro, dous páxaros típicos nos rios galegos.

Xosé principiou esta andaina artística dun xeito autodidacta. "Nunca modelara pero tiña a vantaxe de debuxar ben. Comecei un pouco pola miña conta, modelando aves en diferentes posturas, comendo, coas asas pechadas, tumbadas no niño ou á expectativa como os mouchos. Procuro sempre reproducir en barro aves reais da Galiza.

Xosé Mareque colabora con Manuel Caamaño, un alfareiro con máis de 30 anos de experiéncia na cerámica. A anédota máis curiosa foi a ocorrida cunha parella de azores que estaban criando, un dos momentos mais delicados na vida dunha ave. "Nengunha observación ou foto xustifica as moléstias que se lle podan ocasionar ás aves, sinala Xosé, sobretodo en plena crianza córrese o risco de que podan abandonar ás crias".

Xosé confeccionou un *hide* (acocho para ornitólogos) en plena zona forestal. Trátase dun plástico a modo de camuflaxe ou un chapeu cosido a unha lona que se mimetiza coa paisaxe e que lle permete a calquer observador non ser descoberto polos páxaros. O acocho do Xosé era permanente e os viciños estaban preocupados pola existéncia de algo no monte que ben poderia semellar o refúxio dalgunha persoa que andase fuxida ou perseguida. Os viciños quedaron máis tranquilos cando unha tardiña o próprio Xosé lles explicou a razón daquel charais, como eles o denominaban.

Xosé Mareque fala das bubelas que visitan a Galiza na primavera para marchar en Outono cara a África. Tamén destaca a cor do peito da lavandeira marela, sen esquecer a estreliña riscada, o páxaro máis pequeno da Galiza ou a avelaiona ou a mobilidade dos esquios.

'Agora fágoas en tamaño xigante para descarregar o cabreo'

Manuel Caamaño lembra os seus primeiros anos en Buño. "Nesta localidade era case obrigatório todo fillo de oleiro praticar a alfareria. Eu comecei na roda no ano 58, nesa época alternaba a escola coa roda ademais de participar noutros labores como ir por leña, pisar o barro, peneiralo e compangalo".



Xosé Mareque pasa longas horas agachado para non molestar á bubela ou á lavandeira, observando a sua figura que logo modela en barro.

O Manuel recoñece que o máis difícil da sua profisión é o centrado e saber estar na roda coordenando na mesma postura pés e mans. "Daquela, cando tiña 17 anos, facia pezas de primeira necesidade, tarteiras, pucheiros, cazolas, xarras e cuncas. Era a nosa produción. Aqueles anos foron un martírio para min. Tiñamos que traballar moi duro para sobreviver, a criatividade nas pezas era algo impensábel. Eran anos duros, pero non só polo traballo, estaban ademais os intermediários que eran os verdadeiros donos das casas, dos fornos, das tendas e panadarias. Eles escollian o mellor xénero e a nós deixábannos a escardada que eran as pezas defectuosas. Estas pezas eran vendidas polas nosas nais nas feiras da Golada, Paoisaco, Carballo, Baio ou A Silva. Dábanos moita satisfacción a volta das nosas nais porque traian moita vida, chegaban a casa con cartos, patacas, fabas, froita e pan. Foi a partir dos 17 anos cando eu disfrutei realmente da alfararia con verdadeira criatividade".

Manuel non se resiste a seguir producindo o que el chama colección de pezas selleiranas. "Esta colección tenme enganchado. Son pezas de cu estreito que ian orixinariamente enriba dunha trípia, servian para facer o caldo, as papas ou a caldeirada. Agora fágoas en tamaño xigante para descarregar o cabreo que teño por ver ás rapazas e rapaces do meu povo que desprezan estas formas, eles reproducen outra estética que nada ten a ver coa de Buño ou a Galiza. O meu cabreo é maior cando os escoito referirse á roda chamándolle torno, ao taboleiro, mesa, á forma, prato, ao fumeiro secadeiro ou ao poio ponto de apoio. O máis surprendente é como denominan á nosa lambuxa, substáncia que impregna as mans do oleiro cando traballa, eles din barbotiña. En fin, coma este outros termos que escoitados por un alfareiro dos de antes dalle verdadeira pena ver como vai cambiando todo".

O que non vai cambiar é o taller de alfararia de Xosé Mareque e Manuel Caamaño ubicado en Ventosa, parróquia de Cobas, no concello de Ames, unha aldea famosa pola Peneda Branca onde se encontran uns importantes petroglifos totalmente abandonados e rodeados de eucaliptos.

O barro tráenno de Buño ou encarréganno a Cataluña e Valéncia. Na Galiza existen excelentes porcelanas e caolins pero xeralmente son exportados a outras partes do território español.

Os sócios de Ventosa teñen moitos proxectos pero o mais imediato é seguir producindo páxaros en cerámica ou pezas con formas tradicionais.♦

TRES EN RAIA

De poderes e quereres

■ **CARLOS MELLA**

Parece ser que un xornal madrileño abriu unha subscrición para erguerlle un monumento a quen eles chaman Juan III.

Pasados xa días do seu pasamento pódese reflexionar, un pouco, sobre de certas informacións e certos ditirambos que estivemos a ver e nos fixeron escoitar, nunha cerimonia de confusión que non sei a quen pode aproveitar.

Presentáronnos a Don Juan de Borbón como un conseguxe enormemente espilido, que conseguiu, gracias ás súas habilidades, traer a democracia a España. Segundo os biógrafos de ocasión, na súa actuación política e persoal, todo foron acertos, sabias premonicións e sacrifícios decisivos. E teño para min que as biografias deben ser moi respetuosas cos personaxes e moi respetuosas, tamén, coa historia. Por iso non nego as súas posibles habilidades, pero teña as miñas dúbidas en canto ás súas premonicións e os seus sacrifícios. No que fai a estes últimos, vivir en Estoril e pasear no iate "Giralda", non me parece moito sacrificio, polo menos en comparanza co sacrificio dos que pagaron na cadea e na miseria a súa loita pola democracia.

E non penso tampouco que o seu sacrificio fose voluntario. As circunstancias fixeron o seu traballo sen ter en conta os seus desexos: quixo ser rei e non puido. E iso foi todo. Primeiro Franco, que non o deixou sentar no trono por razóns obvias e, despois, o propio fillo que ocupou ese mesmo trono, fixeron del un personaxe marxinal na historia.

Que certos persoeiros ou monárquicos de sempre teñan razóns dabondo para sentir remorsos polo comportamento que tiveron cara el, é comprensible. Que queiran agora aliviar eses remorsos inventando unha excelsa biografía pode ser entendido. Que se falsifique a historia facendo un novo rei, que se nos queira facer partícipes ós que non tivemos arte nin parte na feira, seméllame un pouco indecente. Non existiu nunca Don Juan III.

Existiu, simplemente, un home que quixo ser rei e non puido. E iso foi todo.♦

VOLVER AO REGO

Prometéranno un futuro de cine, unha viaxe a Europa en primeira clase. Vendimos as vacas e arrincamos as viñas porque dixeron que pronto seriamos oficinistas deses que van ao traballo en bicicleta. Deitámonos soñando que estabamos governados polo Rei Midas e espertamos nun pesadelo. Pero ninguén dixo nada. Nengun experto veu ofrecernos as correspondentes explicacións técnicas de tanto desastre. Ninguén se fixo responsábel de ter desbaratado os nosos soños. Dixéronnos que nos modernizásemos, que habia que consumir. Quen pagará agora o crédito da granxa, o do piso, o do 16 válvulas? De que me serviron as clases nocturnas de inglés?♦

'Calidade de cociña... xenuinamente galega'

PÉREZ LEIRÓS, S.A.

Xuane

Gándara de Prado, s/n.
36400 PORRIÑO
(Pontevedra)
Telf. (986) 33 02 52
Fax. (986) 33 13 77

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA